

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Grao en Lingua e Literatura inglesas

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura inglesas
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Data renovación acreditación	22/06/2009

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se especifica tanto no [Autoinforme de Renovación de la Acreditación del Grado en Lengua e Literatura Inglesas 2021-2022](#) (p. 4), como na [Memoria de Verificación](#) vixente do título (Apartado 2, “Justificación, adecuación de la propuesta y procedimientos”, p. 5; y Apartado 2: Anexo 1 (p. 299): pp. 1-11), esta titulación segue respondendo ás demandas da sociedade no momento actual no que a lingua inglesa segue a utilizarse como lingua franca ou internacional nos máis diversos ámbitos da realidade. Esta situación xustifica a pertinencia dunha titulación que dota aos estudantes non só das destrezas necesarias para a comunicación fluida en lingua inglesa, senon tamén dun coñecemento extenso nos aspectos filolóxicos, lingüísticos, literarios e culturais asociados a esta lingua e ás sociedades que a manexan. A titulación fomenta deste xeito a comunicación transcultural, contribuíndo ademais á potenciación de valores de convivencia e tolerancia que permitan a apreciación da diversidade como un ben común e enriquecedor da sociedade. Proba desta actualización constante é a evolución dos contidos dalgunhas materias para dar entrada aos fenómenos lingüísticos, culturais e literarios actuais, e se constata ademais no interese manifestado polo estudantado nestes aspectos na súa selección de temas para os seus TFG (Traballo de Fin de Grao). A maioría das universidades españolas contan con titulacións semellantes, feito que avala a relevancia da titulación. Dentro do ámbito dos estudos de filoxía no SUG e máis concretamente na Universidade de Santiago de Compostela, segue a ser a titulación máis popular entre o estudantado, como proban os seguintes datos de matrícula:

EVOLUCIÓN DOS DATOS DE MATRÍCULA

A evolución dos datos relativos á matrícula nos últimos seis anos segue a confirmar o interese do estudantado pola titulación:

-O **número de prazas ofertadas** mantense estable desde o curso 2011-2012, cando se estableceu unha limitación na oferta de 100 prazas (IN01G) que se renova anualmente (v. [Autoinforme de seguimento GLLI 2010-2011](#) (pp. 16, 19) e [Autoinforme de seguimento GLLI 2011-2012](#) (p. 16);

-A **matrícula** mantívose tamén estable no curso 2022-2023 aínda que rexistrou un pequeno descenso pasando de 474 matriculados en 2021-2022 a 462 en 2022-2023 (IN02G). Este descenso non resulta significativo e, de feito, este dato parece corroborar a tendencia á estabilización no número de estudantes matriculados como se leva suxerindo desde que se elaborou o [Autoinforme de seguimento GLLI 2018-2019](#) (p. 4), o que indica a existencia de certo equilibrio na relación entre o número de estudantes que acceden cada ano á titulación e o número de estudantes que cada ano consiguen terminar os seus estudos coa consecución do seu título. Neste sentido, a recuperación da taxa de graduación que en 2022-2023 se situou no 63,53% moi preto do 65,88 % de 2021-2022 e do 64,84% de 2020-2021 e mellorando o 60,64% dos dous cursos anteriores (IN37G) parece corroborar esta reflexión. O número absoluto de estudantes

Grao en Lingua e Literatura inglesas

graduados no curso 2022-2023 (76) foi prácticamente o mesmo ca no curso 2021-2022 (77) segundo se desprende do Informe de acreditación das cualificacións das materias do plan de estudos (2501099_INF.15_2022-2023, 2501099_INF.15_2021-2022). Como xa se indicou no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#), o alto número de graduados nos cursos anteriores (2020-2021 e 2019-2020) pode ser, polo menos parcialmente, un efecto das medidas extraordinarias adoptadas a causa da incidencia da COVID-19, de xeito que tales medidas parecen ter contribuído a alixear a bolsa de alumnado pendente de defender o seu TFG para a obtención do título. Precisamente este último factor pode explicar tanto o descenso no número total de matriculados (como se anunciaba no [Autoinforme de seguimiento GLLI 2019-2020](#) (p. 4) cando se reflexionaba que o alto número de graduados nese curso animaba a predecir “un probable lixeiro descenso no número de matriculados no curso 2020-2021”), como a evolución positiva da taxa de graduación (50% en 2016-2017, 42,72% en 2017-2018, 50,54% en 2018-2019, 60,64% en 2019-2020, 64,84% en 2020-2021 y 65,88% en 2021-2022 (IN37G)) que suxire que cada vez son máis os estudantes que se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte +1.

-Como no caso do curso anterior, a **matrícula de acceso** segue unha evolución estable, ascendendo de xeito escasamente significativo no curso 2021-2022, pasando de 110 en 2021-2022 a 112 (IN03G). En contraste, a **matrícula de novo ingreso por preinscripción** descendeu tamén case imperceptiblemente no curso 2022-2023, pasando de 109 en 2021-2022 a 106 (IN04G). Como xa se analizou no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#) estas variación non parecen resultar especialmente significativas, e de novo confirman a tendencia á estabilización no número de matriculados e a consolidación do interese pola titulación. Os datos de matrícula son claramente positivos e o número de solicitudes segue a ser alto, lixeiramente superior ao do curso 2021-2022 pasando de 347 a 366 (359 procedentes de bachillerato, 7 de formación profesional, 6 titulados universitarios, 1 maior de 25 anos e 4 discapacitados), número superior aos reflexados en 2018-2019 (356) e 2019-2020 (358). O número de solicitudes en primeira opción ascendeu lixeiramente para volver a situarse no 121 de 2020-2021, aumentando polo tanto en cinco con respecto aos 116 de 2021-2022. O número de matriculados en primeira opción volveu ascender con respecto aos cursos anteriores pasando de 91 en 2019-2020 a 92 en 2020-2021, y de aí a 96 en 2021-2022 e 100 en 2022-2023, o que quere dicir que un 91,7% dos estudantes finalmente matriculados na titulación a tiñan como primeira opción, mellorando o dato de 2021-2022 que fora de 88,1%. Do resto dos matriculados en 2022-2023, 6 tiñan esta titulación como segunda opción (3 en 2021-2022), 1 como terceira (5 en 2021-2022), 1 quinta e 1 como oitava (2501099_INF.CIUG_2022-2023, 2501099_INF.CIUG_2021-2022).

-Como efecto dos indicadores anteriores, a **relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas**, ascendeu tamén lixeiramente con respecto ao curso anterior: a relación pasou así de 94% en 2021-2022 a 96% en 2022-2023 (IN10G).

-Como xa ocorrera no curso 2021-2022, a **taxa de ocupación** chegou de novo ao 100% e volveu a superar esta marca situándose no 106% (IN12G), o que supón un lixeiro descenso con respecto á taxa do curso anterior (109% en 2021-2022), pero aínda así a taxa é superior á dos cursos anteriores.

-A **porcentaxe de estudantes estranxeiros** segue a liña ascendente con respecto aos cursos anteriores, pasando de 2,11% en 2021-2022 a 2,60% en 2022-2023 (IN08G), superando o 2,13% rexistrado en 2018-2019. En números absolutos isto supuxo un aumento de dous estudantes estranxeiros en 2022-2023 pasando de 10 en 2021-2022 a 12. De xeito similar, e en contraste co curso 2021-2022, a **porcentaxe de estudantes procedentes de fora de Galicia** ascendeu considerablemente, pasando de 0,84% en 2021-2022 a 1,52 en 2022-2023, rompendo así drasticamente a tendencia descendente dos últimos anos (IN09G). En números absolutos isto supuxo un aumento de tres estudantes nacionais de fora de Galicia pasando de 4 en 2021-2022 a 7 en 2022-2023 (IN09G). Este dato parece indicar o final dos efectos da incidencia da COVID-19 que creou certa incerteza á hora de planificar os estudos fora. En ambos casos os datos non son moi diferentes dos rexistrados no curso 2017-2018, cando o número de estudantes estranxeiros fora de 11 (IN08G) e de 7 o de estudantes nacionais de fora de Galicia (IN09G). Parece, polo tanto, apuntarse certa tendencia á estabilidade nestes datos, como xa se indicou no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-Con respecto á **porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a través de programas de mobilidade sobre o total de matriculados**, obsérvase un lixeiro descenso que contrasta co incremento do curso anterior, aínda que o dato segue mellorando con creces os datos do curso 2020-2021: no curso 2022-2023 esta porcentaxe foi de 7,36%, semellante 8,65% de 2021-2022 que contrastaba co dato do curso 2020-2021 cando esta porcentaxe se situara nun 1,63% fronte ao 5,74% de 2019-2020. Isto supón que se recibiron un total de 34 estudantes na titulación en 2022-2023 fronte aos 41 do curso anterior (IN18G). A evolución deste dato segue a confirmar a explicación do descenso anterior ofrecida no [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) onde se argumentara que o descenso era “sen dúbida o efecto da situación de emerxencia sanitaria que afectou seriamente os procesos de intercambio de estudantes” (p. 5). Como no caso do [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) e do [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#) seguimos sen contar con datos actualizados sobre a porcentaxe de estudantes enviados a través de programas de mobilidade (IN17G), pero si sabemos que un total de 38 estudantes participaron en programas de mobilidade no curso 2022-2023, doce máis ca no curso 2021-2022 (26) (31 no programa Erasmus; 2 no programa SICUE; 3 en intercambio bilateral) (2501099_INF.03_2022-2023).

-Como xa se constatou nos *Informes de seguimento* de cursos anteriores e no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#) (p. 6), a **capacidade de captación de alumnado** da titulación na comunidade autónoma segue sendo indiscutible se temos en conta que un número importante dos matriculados de novo ingreso proceden de áreas de influencia doutras universidades que ofrecen titulacións semellantes. De acordo co informe da CIUG, dos 100 estudantes de novo ingreso procedentes da comunidade matriculados na cota xeral, 11 son de la provincia de Ourense (9 en 2021-2022) e 42 da provincia de Pontevedra (28 en 2021-2022) (2501099_INF.CIUG_2022-2023). Do total de estudantes do GLLI, 43 proceden de la provincia de Ourense (45 en 2021-2021) e 158 da provincia de Pontevedra (153 en 2021-2022) dos cales 13 son procedentes del municipio de Pontevedra, un máis ca no curso 2021-2022, e 37 de Vigo, sete máis ca no curso 2021-2022. Dos estudantes procedentes da provincia de A Coruña, 11 proceden do municipio de A Coruña (o mesmo número ca no curso 2021-2022) e outros 3 do municipio de Ferrol (5 en 2021-2022) (2501099_INF.16_2022-2023).

Aínda que os datos de matrícula son positivos e a capacidade de captación de alumnado da titulación parece fora de dúbida, o GLLI, xunto co resto das titulacións impartidas na Facultade de filoloxía, participou durante o curso 2022-2023 na elaboración e implantación dun Plan de Captación (GLLI_E3_PLAN DE CAPTACIÓN FILOLOXÍA_2022-2023) no que se mencionan as seguintes actividades deste tipo:

- Difusión de información (vídeos páxina web e redes sociais).
- Participación nas actividades do programa *A Ponte entre o Ensino Medio e a USC*, na campaña de promoción das titulacións de grao nos institutos e centros educativos (visitas a Centros de Ensino Medio de Galicia, charlas temáticas e encontros na Zona USC).
- Organización de Xornadas “Ciencia colaborativa para novos/as investigadores/as” actividade que ten como obxectivos potenciar o interese e a participación colaborativa do estudantado de Educación Secundaria e Bacharelato polas Humanidades e promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade.
- Participación nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional XOUP (A Coruña). Promover a asistencia e participación das/os coordinadoras/es dos Graos en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas nas mesas redondas das xornadas organizadas polo Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para dar a coñecer os diferentes estudos universitarios que se ofertan no SUG.
- Fomentar a participación da Facultade noutras feiras e xornadas de orientación universitaria.

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

En xeral, os resultados das enquisas de satisfacción dos egresados parecen constatar a adecuación do perfil formativo.

Coma no caso dos dous últimos cursos, non contamos para o curso 2022-2023 con indicadores xerais referentes á

Grao en Lingua e Literatura inglesas

satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G) e cos servizos (IN33G) dado que na enquisa de satisfacción deste grupo de interese se eliminaron as preguntas relativas a estas cuestións.

En canto á satisfacción dos egresados coa titulación, o resultado é casi imperceptiblemente máis alto ca o resultado anterior pasando de 3,32 en 2021-2022 a 3,60 en 2022-2023, como se desprende do Informe de satisfacción dos egresados (2501099_INF.09_2022-2023) xa que carecemos do indicador IN42G para este curso.

Nos cursos 2020-2021 e 2021-2022, o Informe da enquisa de satisfacción dos egresados só recollía os datos globais da USC e polo tanto os datos cos que contabamos sobre os egresados non resultaban efectivos ou significativos para a elaboración dunha reflexión pertinente sobre o perfil formativo/egreso do GLLI. Parte da Acción de mellora 1.1 proposta no *Plan de melloras* correspondente ao [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) e executada dentro da Curso 2021-2022 solicitaba unha solución para este problema, que non foi efectiva en 2021-2022, pero si o foi para o curso 2022-2023 para o que si contamos cun informe desagregado para o GLLI. Como xa se fixera no [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#), e no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#) para facer unha comparativa imos recuperar os datos e a reflexión incluída no [Autoinforme de seguimento GLLI 2019-2020](#), cando si contabamos con datos desagregados para o GLLI, incorporando os datos actuais:

No informe da enquisa de satisfacción dos egresados correspondente a 2019-2020, con respecto á **formación recibida**, como en anos anteriores, os egresados manifestaran un desequilibrio entre o nivel de satisfacción coa **formación teórica** e coa **formación práctica**. Este desequilibrio mantense en 2022-2023, pero de xeito máis suave. No primeiro caso (o relativo á **formación teórica**) o valor en 2022-2023 é de 4,1, lixeiramente superior ao dato de 2019-2020 que fora de 4 (3,45 de media da USC) e superior tamén á media da USC que foi 3,8. No segundo caso (relativo á **formación práctica**) a valoración en 2022-23 foi de 2,5, lixeiramente inferior á media da USC que foi 2,65 pero mellorando o dato do curso 2019-2020 que fora 2,11, e dos cursos anteriores (o dato de 2018-2019 fora 1,93 e o de 2017-2018 fora 1,94). Como indicamos máis arriba, a pesar do desequilibrio aínda existente, obsérvase unha mellora evidente na valoración da formación práctica. A valoración da **contribución da titulación ao desenvolvemento de distintas capacidades** mantense estable aínda que hai unha melloría xeneralizada e os catro aspectos superan a media da USC. A “**Capacidade de análise**” foi valorada cun meritorio 4,4, catro décimas por encima da valoración 2019-2020 e considerablemente por encima da media da USC (3,67). A “**Capacidade de planificación, coordinación e organización**” que fora valorada cun 3,67 en 2019-2020 (3,45 de media de la USC) ascendeu considerablemente en 2022-2023 situándose nunha valoración de 4,2, tamén moi superior á media da USC (3,3). A “**Creatividade**”, que fora valorada cun 2,89 en 2019-2020 fronte al 2,53 de media de la USC, mellora tamén en 2022-2023 alcanzando o valor de 3,3, moi por encima da media da USC que foi 2,56. O único aspecto que non chegaba á media da USC en 2019-2020 fora o “**Traballo en equipo**” que obtivera un 2,78 fronte ao 3,36 de media na USC; en 2022-2023 a situación é diferente e tamén este aspecto supera con creces a media da USC acadando un 4 fronte ao 3,35 de media. O grao de satisfacción dos egresados do GLLI cos **docentes** en 2022-2023 resultou lixeiramente máis baixo ca en 2019-2020: en 2019-2020 este valor fora 3,22 fronte a 3,08 de media na USC, mentres que en 2022-2023 esta valoración foi de 3,1, case imperceptiblemente máis baixa que a media da USC que foi 3,16 (2501099_INF.09_2S_2022-2023; 2501099_INF.09_2019-2020).

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: DATOS DE INSERCIÓN LABORAL

Os datos de inserción laboral cos que contamos refírense aos egresados nos cursos 2017-2018 e anteriores, e corroboran a reflexión incluída no [Autoinforme de seguimento GLLI 2018-2019](#), o [Autoinforme de seguimento GLLI 2019-2020](#) e o [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#), cando se contaba só con datos correspondentes á cohorte de egresados de 2013-2014. Como se comentou no caso destes informes de seguimento pasados e no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022](#) os resultados de inserción laboral non son óptimos, pero si amosan unha esperable tendencia á estabilidade laboral e ao gradual aumento do número de egresados afiliados á Seguridade Social coa categoría de titulados co paso do tempo: entre los egresados no curso 2017-2018 a porcentaxe de afiliados pasou de 25% no ano 1 a

Grao en Lingua e Literatura inglesas

56,58% no ano 4; entre los egresados en 2016-2017 esta porcentaxe pasou de 33,87% no ano 1 a 66,13% no ano 4. A porcentaxe de afiliados titulados mantén datos estables: entre os egresados en 2016-2017, no ano 4 un 68,29% dos afiliados figuraban no grupo de titulados, e entre os egresados en 2017-2018, este dato foi de 67,44% (2501099_EIL-SIU_2022-2023). Chama a atención o ascenso na porcentaxe de afiliados con contratos indefinidos que pasou de 27,27% no ano 4 entre os egresados de 2016-2017 a 70,97% no ano 4 entre os egresados de 2017-2018. Non sabemos se este ascenso pode estar relacionado coa introducción da Reforma Laboral a través do *Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo*. O Informe de inserción laboral elaborado pola ACSUG parece corroborar a tendencia á mellora, como se explica no CRITERIO 7.3 do presente informe (v. CRITERIO 7.3).

Cando se analizaron os datos do Informe da enquisa de satisfacción dos egresados no [Autoinforme de seguimento GLLI 2019-2020](#) (correspondente aos egresados en 2018-2019) observouse que un 22,22% dos egresados do GLLI **traballaban por conta allea** (considerablemente por encima do 14,29% de media na USC); o informe correspondente ao curso 2022-2023 non ofrece esta información. No informe de 2019-2020, outro 22,22% indicaron que **simultaneaban estudos e traballo** (6,82% de media na USC), porcentaxe que ascendeu en 2022-2023 a 30%. Tamén ascendeu considerablemente a porcentaxe de estudantes que estaban **cursando estudos de máster** pasando de 22,22% en 2019-2020 (similar ao 28,90% de media na USC) a 50% en 2022-2023. En 2019-2020 un 11,11% estaban **cursando outro grao** (moi por encima do 1,62% de media na USC); descoñecemos este dato para 2022-2023. En 2022-2023 un 10% estaba preparando oposicións e un 10% estaba en outras situación (22,22% en 2019-2020, fronte a 14,94% de media na USC) (2501099_INF.09_2S_2022-2023; 2501099_INF.09_2019-2020). Con respecto aos cursos 2020-2021 e 2021-2022, só coñecemos os datos agregados de toda a USC, por iso resulta imposible extraer información útil para analizar o grao de inserción laboral dos egresados do GLLI. Solicitouse a desagregación deste informe por titulacións nunha acción de mellora (AM-1.1, Curso 2021-2022) correspondente ao *Autoinforme de seguimento 2020-2021* que non surtiu efecto, por iso insistimos ante a ACMP na necesidade de volver a desagregar este informe por titulacións a través dunha nova acción de mellora (AM-01, Curso 2022-2023) no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#). Esta segunda acción de mellora si parece ter surtido efecto. Deste modo tamén se deu resposta á recomendación manifestada no *Informe final de seguimento de la titulación de Graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* correspondente ao [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC_(Seguimento 2020-2021)_2021-2022) no CAPÍTULO 3. DIMENSIÓN 3. CRITERIO 7: “Medidas para obtener el grado de satisfacción de los egresados con la titulación (AM1.1)”.

Polo mesmo motivo, os informes das enquisas de satisfacción dos egresados correspondentes aos cursos 2020-2021 (egresados en 2019-2020) e 2021-2022 (egresados en 2020-2021) non permiten coñecer o grao de satisfacción dos egresados do GLLI cos aspectos relacionados coa inserción laboral. De acordo co informe correspondente a 2019-2020 (egresados en 2018-2019) os egresados do GLLI que traballaban (22,22%) e os que traballaban e estudaban (22,22%) valoraron a **relación do traballo coa titulación** cun 3,5, moi similar ao 3,55 de media da USC. No caso do informe correspondente a 2022-2023 esta valoración ascendeu ata o 3,75, de novo por encima da media na USC que foi de 3,62. En lixeiro contraste con esta valoración, os egresados do GLLI en 2018-2019 no informe correspondente (2019-2020) valoraban a **utilidade da titulación para o mercado laboral** cun 2,89, significativamente inferior ao 3,67 de media da USC en 2019-2020. O informe correspondente ao curso 2022-2023 amosa unha tendencia moi diferente, dado que a valoración foi de 3,80, por encima da media da USC (3,56) e considerablemente por encima da valoración do curso 2018-2019. Este resultado parece corroborar a reflexión incluída no [Autoinforme de seguimento GLLI 2019-2020](#), onde se indicaba que o contraste entre a valoración da relación do traballo coa titulación e a valoración da utilidade da titulación para o mercado laboral (3,5 e 2,89 respectivamente) entre os egresados do GLLI resultaba especialmente chamativo se se tiña en conta que a porcentaxe de egresados do GLLI traballando por conta allea en 2019-2020 era bastante superior á media da USC (22,22% fronte a 14,29%), o que combinado coa valoración considerablemente máis alta da relación da titulación co traballo (3,50) podería levar a suxerir un máis alto grao obxectivo na utilidade da titulación para o mercado laboral (2501099_INF.09_2S_2022-2023; para os datos de 2019-2020 v. 2501099_INF.09_2019-2020).

A evolución positiva da valoración da formación práctica e destes dous últimos indicadores é especialmente satisfactoria

Grao en Lingua e Literatura inglesas

dado que resalta a cada vez mellor adaptación da titulación ao mundo laboral.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

OFERTA DE MÓDULOS, MATERIAS, ASIGNATURAS

Como xa se indicou no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2015-2016](#) e no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#), continuouse dando cumprimento aos compromisos formulados na [Memoria de Verificación](#) do título con respecto á estrutura do ensino, á programación e posta en marcha das diferentes materias e módulos que compoñen o plan de estudos, e ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe proxectadas. A oferta de módulos e materias corresponde co establecido na [Memoria de Verificación](#) e nas sucesivas modificacións debidamente analizadas no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2015-2016](#) no caso de modificacións anteriores ao curso 2015-2016 incluído (p. 8) e no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) no caso de modificación incorporadas entre 2016-2017 e 2021-2022 ambos incluídos (p. 10-11). Como consecuencia da AM-01 da Curso 2023-2024 do *Plan de melloras resultante do Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación del título de graduado o graduada en lengua y literatura inglesas-usc* con fecha 30 de outubro de 2023 (Aprobado por la Comisión de Calidad de Centro el 21 de noviembre de 2023) solicitouse a incorporación destas modificación que xa foran debidamente aprobadas na Memoria verificada (GLLI_E2_Plan de melloras resultante do Informe provisional evaluación para la renovación de la acreditación GLLI_2022-2023).

TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

A tipoloxía das actividades formativas en 2022-2023 axustouse á descrición exposta na [Memoria de Verificación](#). Como xa se constatou tanto no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2015-2016](#) como en todos os *Informes de seguimiento* do GLLI e no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) a implantación das titorías programadas segue a constituir un problema organizativo en parte debido a que non son recoñecidas como actividade docente plena no POD (*Informe de seguimiento* 2010-2011, pp. 21-22; *Informe de seguimiento* 2011-2012, pp. 21-22; *Informe de seguimiento* 2012-2013, pp. 21-22; *Informe de seguimiento* 2013-2014, p. 17; [Autoinforme de seguimiento GLLI 2016-2017](#), p. 8; [Autoinforme de seguimiento GLLI 2017-2018](#), p. 7; [Autoinforme de seguimiento GLLI 2018-2019](#), p. 7; [Autoinforme de seguimiento GLLI 2019-2020](#), p. 7; [Autoinforme de seguimiento GLLI 2020-2021](#), p. 8; [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) (p. 12)).

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

Como se pode comprobar consultando os [Programas de las materias](#), as actividades académicas, así como as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación vixentes, buscan garantir a consecución das competencias (básicas, xerais e específicas) da titulación referidas no Apartado 3 da [Memoria de Verificación](#) (pp. 5-6).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS: SATISFACCIÓN DO ESTUDANTADO

En xeral, o estudantado do GLLI manifesta un alto grao de satisfacción nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida en aspectos relacionados coa programación, aínda que os valores son lixeiramente máis baixos ca en 2021-2022. O ítem **“Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”** obtivo un 4,10 fronte ao 4,34 do informe correspondente a 2021-2022. O ítem **“Cumpre co programa e o plan de traballo previsto”** pasou de ser valorado cun 4,51 en 2021-2022 a obter a valoración de 4,24 en 2022-2023 (2501099_INF.13_2022-2023). Similar foi a evolución do aspecto **“Os contidos desenvóléronse de acordo co cronograma temporal da materia”**, que pasou de ser valorado cun 4,47 en 2021-2022 a obter a valoración de 4,15 en 2022-2023, e do aspecto **“Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”** que pasou de obter a valoración de 4,13 en 2021-2022 a 3,81 en 2022-2023 (2501099_INF.13_2022-2023). Destes catro ítems, os tres primeiros figuran entre os mellor valorados polo alumnado, o que corrobora o alto nivel de cumprimento da programación docente.

SATISFACCIÓN COA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS, OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

No Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación correspondente ao curso 2022-2023 rexístrase unha mellora considerable nos resultados da maioría dos ítems con respecto ao curso 2021-2022, entre eles o grao de **satisfacción xeral** coa titulación que pasou de 2,33 en 2021-2022 a 3,22 en 2022-2023 superando amplamente o descenso rexistrado en 2021-2022 con respecto a 2020-2021, cando este valor fora de 2,58. Tamén mellorou a valoración do aspecto **“Os horarios deste curso foron axeitados”**, que obtivera un 2,67 en 2021-2022 e pasou a obter un 3,05 en 2022-2023. A valoración da **utilidade do Campus Virtual**, acadou un 3,64, moi por encima do 2,33 de 2021-2022. Os **recursos educativos**, que obtiveran tamén un 2,33 en 2021-2022 pasaron a ser valorados cun 3,46 en 2022-2023 (este aspecto será tamén tratado no CRITERIO 5); e o ítem **“A titulación é equilibrada nos contidos teóricos e prácticos”**, que obtivera un 2,33 en 2021-2022 pasou a ser valorado cun 2,89 en 2022-2023. Tres ítems obtiveran un 2 na súa valoración en 2021-2022, e os tres de novo ascenden considerablemente na valoración de 2022-2023: a **información dispoñible**, obtén en 2022-2023 un 3,22; a valoración da **organización da titulación** non chega ao 3 pero está preto deste valor chegando ao 2,89; e a **atención prestada polo persoal de administración e servizos**, rexistra unha mellora significativa na súa valoración en 2022-2023 chegando ao 3,49 (este dato será comentado no CRITERIO 4, apartado 4.2). En 2021-2022 non chegaran ao 2 e obtiveran a escasa valoración de 1,67 os **trámites de matriculación**, que melloran espectacularmente o seu resultado en 2022-2023 acadando un 4,05; e o **calendario de probas de avaliación**, que se recupera máis limitadamente en 2022-2023 acadando un moi discreto 2,49. Como xa se reflexionou no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) (p. 17) reiteramos que as variacións drásticas na valoración destes dous aspectos son sorprendentes tendo en conta a estabilidade que se observa nos datos dos cursos anteriores e que tal estabilidade se corresponde cos escasos cambios que afectaron a estas dúas realidades: por unha parte non houbo modificacións relevantes nos trámites de matriculación, e pola outra, con respecto ao calendario de probas de avaliación o único cambio relevante no calendario de exames tivo lugar nos cursos 2018-2019 e 2019-2020, cando os exames do primeiro semestre comezaron en decembro para dar resposta a unha reivindicación do estudantado, o que non pareceu ter repercusións importantes (nin positivas nin negativas) na valoración deste aspecto nestes cursos. Como xa se argumentou noutros informes de seguimento, as posibilidades de introducir variacións no calendario de exames na Facultade de Filoloxía resultan bastante limitadas tendo en conta o grao de transversalidade e flexibilidade dos plans de estudos das cinco titulacións distintas que se imparten (unha delas con cinco mencións). Os aspectos peor valorados no informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación correspondente a 2022-2023 volven a ser os relacionados coa **orientación laboral**, as **prácticas externas** e especialmente a **distribución da carga de traballo**, aínda que melloran considerablemente os resultados do curso 2021-2022. A orientación profesional pasou de 1,33 en 2021-2022 a 2,49 en 2022-2023, converténdose así no aspecto peor valorado xunto co calendario de probas de avaliación, pero rexistrando unha mellora considerable. A Facultade de Filoloxía organiza obradoiros co gallo de atender este tipo de orientación, e desde a coordinación do GLLI executouse unha Acción de mellora na curso 2021-2022 que contemplaba a creación dun espazo na

Grao en Lingua e Literatura inglesas

aula virtual de coordinación do GLLI onde se recolle información sobre este aspecto (AM-4, 2021-2022). En 2021-2022 a oferta de prácticas obtivera unha valoración de 1,33, que pasou a ser 2,57 en 2022-2023. Este dato amosa polo tanto unha evolución positiva pero non resulta suficiente, algo que resulta sorprendente tendo en conta o grande esforzo que a Facultade de Filoloxía ten feito se segue a facer neste eido. O número de prazas para a realización deste tipo de prácticas e o número de convenios firmados con empresas segue a crecer cada ano (GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS_2022-2023: nos últimos cursos a Facultade (a) abriu a posibilidade de establecer convenios con empresas por iniciativa do propio estudantado (GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS_2022-2023 08-04-2021), (b) chegou a acordos con UNIEMPRENDE para habilitar formatos de prácticas externas que promocionen o autoemprego, (c) decidiu abrir unha segunda convocatoria no segundo cuatrimestre para cubrir as prazas sobrantas tras a primeira convocatoria e (d) reduciu o número de créditos requiridos para solicitar a participación no programa de prácticas externas (GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS_2022-2023 30-04-2021). Con respecto ao aspecto peor valorado na enquisa de satisfacción coa titulación en 2021-2022 que fora a **distribución de la carga de trabajo**, que obtivera un 1, este ítem tamén mellora considerablemente chegando ao 2,56, aínda que sería desexable que esta valoración seguirá mellorando nos cursos vindeiros. A Acción de mellora 4 correspondente á curso 2021-2022 mencionada máis arriba, buscaba precisamente esta mellora (2501099_INF.22_2022-2023). Como xa indicamos no [Autoinforme de renovación da acreditación GLLI 2021-2022](#) actualmente no cuestionario desta enquisa non se rexistra a valoración da **coordinación entre as materias do plan de estudos**, pero tendo en conta a relevancia deste aspecto se propuxo unha Acción de mellora solicitando á ACMP unha reflexión sobre a posibilidade de recuperar este ítem no cuestionario da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación. (AM-02.01.A). A proposta desta Acción de mellora respondía ademais á recomendación manifestada no *Informe final de seguimiento de la titulación de Graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* correspondente ao [Autoinforme de seguimiento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimiento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC _(Seguimiento 2020-2021)_2021-2022) no CAPÍTULO 3. DIMENSIÓN 1. CRITERIO 1: “Completar la ejecución de las acciones de mejora propuestas para solucionar la falta de datos de satisfacción del alumnado con la coordinación del profesorado que imparte docencia en una misma materia: (AM-3.2) y con la percepción de la coordinación entre diferentes materias y niveles (AM-6)”.

En contraste cos cursos anteriores, a participación nesta enquisa incrementouse considerablemente pasando de 0,98% en 2021-2022 a 11,64% en 2022-2023, o que supón que os datos de 2022-2023 resultan moito máis representativos que os rexistrados no curso anterior. Aínda así, o número de respostas segue a ser baixo, o que nos leva a reflexionar sobre a necesidade de seguir a reforzar o sistema de información ao alumnado sobre esta enquisa e sobre a necesidade de que participen nela (2501099_INF.22_2022-2023). A Acción de mellora 2.1 da curso 2021-2022 buscaba mellorar este dato pero non foi executada por descoñecemento das datas de realización da enquisa. Propúxose unha nova Acción de mellora solicitando da ACMP o envío dun recordatorio no momento de apertura das enquisas coa información necesaria sobre os grupos de interese afectados (AM-03, Curso 2022-2023). Deste xeito intentábase ademais dar resposta ás recomendacións vertidas no *Informe final de seguimiento de la titulación de Graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* correspondente ao [Autoinforme de seguimiento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimiento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC _(Seguimiento 2020-2021)_2021-2022) nos seguintes apartados:

-Capítulo 2 “Justificación del resultado”:

“Incluir al alumnado en la acción de mejora 2 (AM-2), l pues la participación en la encuesta de satisfacción con la titulación es también muy baja en este grupo de interés”

-Capítulo 3 “Valoraciones y recomendaciones para la mejora”:

DIMENSIÓN 1. CRITERIO 3:

“Reflexionar sobre los porcentajes de participación de los diferentes grupos de interés en las encuestas de satisfacción y, si fuera el caso, proponer nuevas acciones de mejora para elevar los índices de participación. Acción de mejora: AM-2 (Curso 2020-2021)”

Grao en Lingua e Literatura inglesas

DIMENSIÓN 3. CRITERIO 7:

“Medidas para incrementar la participación del alumnado en la encuesta de satisfacción con la titulación (AM2.1).

Medidas para incrementar la participación de los tutores externos en la encuesta de satisfacción con las prácticas y promover la participación de los tutores académicos en dicha encuesta (AM-2.3)”.

Como ven sendo habitual e así se constatou no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) (p. 18-19), os resultados manifestados polo profesorado en aspectos similares son considerablemente máis altos ca os manifestados polo estudiantado e no informe da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación correspondente ao curso 2022-2023 non se observan variacións significativas con respecto ao curso anterior. Como xa ocorría nos informes correspondentes a 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022, o informe correspondente ao curso 2022-2023 non ofrece datos xerais sobre a USC polo que non se pode realizar unha comparativa neste sentido. No caso do informe de 2022-2023, a maioría dos resultados son moi satisfactorios e moi similares aos dos cursos anteriores. O **grao de satisfacción coa titulación** dos docentes en 2022-2023 foi de 4,07 lixeiramente por debaixo do 4,24 rexistrado no curso 2021-2022, aínda que a valoración media superou lixeiramente á do curso anterior pasando de 3,93 en 2021-2022 a 3,97 en 2022-2023. O PDI manifestou un alto grao de satisfacción coa **calidade docente da titulación**, que foi valorada cun 4,07 en 2022-2023 (4,33 en 2021-2022). A **organización da titulación** foi valorada cun 4,03, lixeiramente por debaixo do 4,10 correspondente ao informe de 2021-2022. O **equilibrio dos contidos teóricos e prácticos** obtivo unha valoración de 3,87, moi similar á valoración de 3,95 do curso 2021-2022; a **coordinación dos docentes na organización do título** foi valorada cun 3,80, de novo moi similar ao 3,90 do curso anterior. Os **horarios** obtiveron unha valoración de 4,07, lixeiramente superior ao 4,00 de 2021-2022; o **calendario de probas de avaliación** foi valorado cun 3,97, tamén por encima do dato do curso anterior que fora 3,71; a valoración da **distribución da carga de traballo** foi de 3,80, muy similar ao 3,86 de 2021-2022. A **adecuación da formación en competencias profesionais** foi valorada cun 3,72, practicamente idéntico á valoración de 2021-2022 que fora 3,71. Os docentes consideran que o **alumnado está satisfeito coa titulación** (3,77, lixeiramente por encima do 3,71 do curso anterior), e que **asiste regularmente a clase** (3,33, valor case idéntico ao 3,29 de 2021-2022; aínda que este valor non é negativo, si é o máis baixo no informe correspondente a 2022-2023); o **nivel de implicación do alumnado na titulación** alcanzou un 3,43, idéntico ao valor do curso 2021-2022. A valoración do grao de **cumprimento coa planificación académica do alumnado** foi 3,67, lixeiramente por debaixo do 3,76 do curso anterior. Non se observan polo tanto grandes disparidades entre os valores da titulación en 2022-2023 e os valores de cursos anteriores. En contraste, si se observa certa disparidade en xeral cos valores obtidos na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, aínda que non tan marcada coma no curso 2021-2022: neste sentido cabe destacar que a pesar da disparidade xeneralizada, obsérvase certa coincidencia á hora de outorgar valoracións baixas (no caso do alumnado) ou moderadas (no caso do PDI) a aspectos como a distribución da carga de traballo ou a orientación laboral (2501099_INF.23_2022-2023).

No caso do profesorado a taxa de participación neste enquisa tamén mellorou aínda que non tan drásticamente coma no caso do alumnado: a taxa pasou de 15,91% en 2021-2022 a 21,90% en 2022-2023, a mellor rexistrada nos últimos catro anos. Un dos motivos desta baixa participación pode deberse a que o cómputo total de profesores do GLLI é moi elevado debido ás características propias dos planes de estudos das titulacións de grao impartidas na Facultade de Filoloxía, de xeito que boa parte do PDI implicado na docencia da titulación non imparte materias do maior ou da especialidade do Grao en Lingua e Literatura Inglesas; estas últimas materias son impartidas polo PDI da área de inglés do Departamento de filoloxía inglesa e alemá, que é sobre quen recae a inmensa maioría da docencia da titulación e é tamén o profesorado co que a coordinadora contacta para animalos a participar na enquisa. O feito de que cada profesor teña que dar resposta a unha enquisa por cada titulación na que imparte docencia tampouco axuda, dado que para boa parte do PDI isto supón responder a cinco enquisas iguais correspondentes ás cinco titulacións de grao impartidas na Facultade de Filoloxía, aínda que non imparta materias do maior ou da especialidade de catro das titulacións. A Acción de mellora 2.2 da curso 2021-2022 (AM-2.2, 2021-2022) propoñía a consulta á ACMP sobre a posibilidade de simplificar este proceso e acabar con este problema, pero non se recibiu resposta.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

PRÁCTICAS EXTERNAS

A Facultade de Filoloxía segue a fomentar este aspecto formativo, como xa se ten manifestado en diversos Autoinformes de seguimento anteriores e no *Autoinforme de renovación de la acreditación 2021-2022* (p. 19-20). A pesar deste esforzo, a taxa de egresados que realizaron prácticas externas en 2022-2023 descendeu con respecto a 2021-2022 pasando de 9,09% a 6,58%, moi similar á taxa de 2019-2020. En números absolutos este dato supón un descenso de dous estudantes pasando de 7 estudantes en 2021-2022 a 5 en 2022-2023 (IN22G). Neste sentido, se espera que a Acción de mellor 09 (curso 2022-2023) dea resultados positivos no curso 2023-2024 (AM-09 (Curso 2022-2023)).

Coma no caso do curso 2021-2022 non contamos co informe do grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas correspondentes ao curso 2022-2023, probablemente debido a que non se obtiveron respostas nas enquisas a causa do relativamente baixo número de individuos que conforman este grupo de interese. En contraste co curso 2021-2022, si contamos con resultados no informe da enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas e dos titores profesionais. Esta situación confirma a necesidade de insistir en promover a participación nas enquisas de satisfacción desde a coordinación do grao, motivo polo que se propuxo no curso 2022-2023 unha Acción de mellora que reiteraba e completaba a Acción de mellora 2.3 executada no curso 2021-2022 solicitando á ACMP que comunicara á coordinadora do grao (a) o momento de apertura de todas as enquisas que afecten ao grao no momento en que se comunican aos grupos de interese e (b) a información pertinente sobre os grupos de interese aos que vai dirixida cada enquisa para seguir animándoos a participar nelas (AM-03, Curso 2022-2023).

A valoración das prácticas externas nas enquisas de satisfacción dirixidas ao estudantado que realizou este tipo de actividade en 2022-2023 foi moi positivo. De feito, a valoración global dos estudantes acadou un 5 en 2022-2023 (IN19G), e no informe sobre a enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas todos os aspectos foron valorados cun 5 (2501099_INF.06_3022-2023). De novo, este informe non ofrece datos sobre o número de respostas obtidas na enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas, por iso se solicitou nunha Acción de mellora á ACMP a inclusión desta información neste informe (AM-02.02.A, Curso 2022-2023). Coñecerase a efectividade desta acción de mellora en vindeiros informes.

No caso dos titores académicos o último dato dispoñible, corresponde ao informe do curso 2017-2018, cando o grao de satisfacción fora 4,6 (IN21G).

No caso do informe da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas correspondente a 2022-2023, o grao de satisfacción descendeu lixeiramente con respecto ao curso 2021-2022 pasando de 5 a 4,04, pero aínda así o resultado é satisfactorio (IN20G). Os aspectos peor valorados na enquisa foron **As competencias profesionais previas do/da alumno/a axústanse ás necesidades da miña empresa/institución** e **Considera que a duración e programación das prácticas foi axeitada**, que obtiveron un 3,33. O resto dos ítems obtiveron valoración superiores a 4, a excepción de **A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades da empresa/institución e do/da estudante**, que acadou un 3,67. A taxa de resposta en 2022-2023 foi 75%, moi superior á taxa de 2021-2022 que fora 16,67%; isto implica que en 2022-2023 3 titores deron resposta á enquisa (2501099_INF.07_2022-2023).

TAMAÑO DOS GRUPOS

Desde o curso 2018-2019, a media de alumnos por grupo expositivo (IN31G) desagregouse en dous datos novos: a “Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)” (IN55G) e a “Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)” (IN56G). No contexto das materias FB e OB a media de alumnos por grupo expositivo en 2022-2023 foi 57,61, moderadamente máis baixa que a media de 2021-2022 que fora 62,76, e constitúe a media máis baixa dos últimos anos. No contexto das materias optativas a media de alumnos por grupo expositivo foi en 2022-2023 30,42, de novo máis baixa que a do curso 2021-2022, que fora 33,86. A media de alumnos por grupo expositivo nas materias FB e OB do GLLI é a máis alta da Facultade de Filoloxía, aínda que nas materias optativas

Grao en Lingua e Literatura inglesas

a media se sitúa xusto nunha posición intermedia. O tamaño dos grupos de teoría está próximo ás expectativas propostas na [Memoria de Verificación](#) (Apartado 5, Anexo I, p. 7), que indicaba un número de 75 alumnos nas sesións expositivas, especialmente se temos en conta que no caso das materias básicas e no caso de oito das materias obrigatorias os alumnos do GLLI computados no cálculo destes indicadores comparten aula con alumnos doutras titulacións da Facultade. Segundo cálculos baseados nos datos extraídos da *Proposta de PDA do Departamento de Filoloxía inglesa e alemá para o curso 2022-2023* (como os argumentados no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#), p. 21) a media de alumnos matriculados en materias obrigatorias do maior do GLLI en 2022-2023 foi de 73,85 [2954:40] (75,33 en 2021-2022) (GLLI_I15_Proposta PDA_2022-2023), de modo que o número segue estando preto das expectativas manifestadas na *Memoria de Verificación* e o estipulado no PAA (número máximo de alumnos: 80; constitución de nuevo grupo: 100) (GLLI_I15_PAA_2022-2023, p. 8).

A media de alumnos por grupo interactivo pasou de 27,42 (31,77 en grupos de seminario y 21,02 en grupos de laboratorio) en 2021-2022 a 25,77 (29,56 en grupos de seminario y 20,1 en grupos de laboratorio) en 2022-2023 (IN32G). Este tamaño supera a media da Facultade de Filoloxía, que foi de 23,92 no caso dos grupos de docencia interactiva, sendo o segundo de maior tamaño entre os graos impartidos neste centro, aínda que as diferenzas co resto dos graos son moi moderadas (IN32C). No caso das sesións de seminario a media de alumnos (29,56 en 2022-2023) superou lixeiramente as expectativas da [Memoria de Verificación](#) (Apartado 5, Anexo I) (25), pero se mantivo dentro do tamaño dos grupos interactivos de seminario estipulado no PAA (número máximo de alumnos: 30; constitución de novo grupo: 38) (GLLI_I15_PAA_2022-2023, p. 8).

PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Como se especificaba no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#), con respecto aos programas de mobilidade mantívose a estrutura exposta na [Memoria de Verificación](#) (Apartado 5, Anexo I) segundo a normativa vixente desde 2019: [Modificación del Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudiantes](#), aprobado en Consello de Goberno de 18-07-2019 e publicado no taboleiro electrónico da USC o 12-09-2019.

Un total de 38 estudantes do GLLI participaron en programas de mobilidade durante o curso 2022-2023, 12 máis ca en 2021-2022. Dos 38 estudantes saíntes no curso 2022-2023, 33 participaron no programa ERASMUS (23 en 2021-2022), 2 no programa SICUE (o mesmo número ca en 2020-2021) e 3 en programas de intercambio por convenio bilateral con universidades de Afganistán (1) e do Reino Unido (2). Desde o Departamento de filoloxía inglesa e alemá continúaase animando ao PDI da área de inglés a intentar abrir novos intercambios ERASMUS con universidades doutros países europeos de fala inglesa. Os estudantes participantes no programa REASMUS en 2022-2023 repartíronse entre universidades de un total de nove países europeos (5 na República Checa (2 en 2021-2022), 9 en Polonia (4 en 2021-2022), 2 en Alemaña (3 en 2021-2022), 0 en Noruega (3 en 2021-2022), 5 en Francia (2 en 2021-2022), 3 en Irlanda (2 en 2021-2022), 5 en Italia (4 en 2021-2022), 2 en Suecia (1 en 2021-2022) e 1 en Austria e Grecia (2501099_INF.03_2022-2023).

Non se conta con indicadores sobre a mobilidade saínte (IN17G) desde o curso 2018-2019 dado que tal indicador se extinguiu no curso anterior 2017-2018. Si se conta con indicadores da satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade: o grao de satisfacción en 2022-2023 descendeu con respecto ao curso anterior, pero seguiu sendo satisfactorio dado que pasou de 4 en 2021-2022 a 3,56 en 2022-2023 (IN15G). No Informe da enquisa de satisfacción coas programas de mobilidade saínte correspondentes ao curso 2022-2023, 4 aspectos superaron a valoración de 4: a **valoración global** foi de 4,57 (4,35 de media na USC e 4 en 2021-2022), as **infraestruturas e materiais na universidade de acollida** acadaron un 4,29 (3,96 de media na USC, 4,50 en 2021-2022), o **profesorado da universidade de acollida** foi valorado cun 4,14 (3,85 de media na USC e 4,25 en 2021-2022), e a **atención e acollida** obtiveron una valoración de 4 (3,98 de media na USC e 3,5 en 2021-2022). Non chegaron ao 4 pero estiveron preto deste valor a valoración da **formación recibida**, que foi de 3,93 (3,70 de media na USC e 4 en 2021-2022), a valoración das **posibilidades de convalidación de materias**, que foi de 3,79 (3,99 de media na USC e 4,25 en 2021-2022), o **grado de integración**, que obtivo un valor de 3,71 (4,06 de media na USC e 3,75 en 2021-2022) e a **preparación lingüística na USC**, que foi valorada cun 3,57 (2,83

Grao en Lingua e Literatura inglesas

de media na USC e 3,67 en 2021-2022). A valoración das **xornadas de acollida** estivo preto do 3,5 (3,43 fronte a 3,36 de media na USC e 3,5 no curso 2021-2022) e un pouco peor valorados foron o **servizo de relacións exteriores da USC**, que obtivo un 3,36 (3,43 de media na USC e 2,5 en 2021-2022), a **utilidade do curso de idioma local** na universidade de acollida, que obtivo un 3,29 (3,05 de media na USC e 3,67 no curso 2021-2022), a **orientación do coordinador de mobilidade na USC**, que obtivo un 3,21 (3,35 de media na USC e 3,75 no curso 2021-2022) e a **información previa mediante a web da USC**, que foi valorada cun 3,07 (3,11 de media na USC e 3,25 en 2021-2022). Os aspectos peor valorados non chegaron ao 3 pero estiveron moi preto: a axuda económica obtivo un 2,93 (2,82 de media na USC), e tanto a **información previa na web da universidade de acollida**, así como a **información sobre convalidacións** obtiveron un 2,86 (3,19 de media na USC e 3,25 en 2021-2022). Obsérvase polo tanto que as valoracións do GLLI son similares ás valoracións globais na USC: en nove casos superan os valores da USC e nos sete restantes quedan lixeiramente por debaixo. A diferenza máis importante é a referente á valoración da preparación lingüística na USC que obtivo un 3,57 no ámbito GLLI fronte ao 2,83 de media na USC: a natureza dos estudos universitarios do GLLI pode explicar esta diferenza. Os valores do curso 2022-2023 son similares aos do curso anterior, aínda que só os superan en catro dos aspectos avaliados, un deles a valoración global da experiencia. Non se observan polo tanto discrepancias importantes (2509011_INF.04_2022-2023).

No curso 2022-2023 os motivos que levaron ao alumnado do GLLI a participar en programas de mobilidade foron principalmente a busca dunha experiencia distinta, o interese por coñecer outros países ou comunidades e a posibilidade de mellor o curriculum. Estes tres motivos foron indicados por un 71,43% dos enquisados. Un 92,86% indicaron que a fonte principal de financiamento foi a bolsa e a familia. Neste sentido, a mellora na contía da bolsa foi un dos aspectos indicados como máis necesitados de mellora por un 64,29% dos enquisados, a mesma porcentaxe que considerou que a información previa tamén debería ser mellorada. Como nos anos anteriores, unha importante maioría (92,86%) optou por una estancia anual e só un 7,14% realizou a estadia nun semestre (segundo semestre). Todo o alumnado que respondeu á enquisa participou no programa Erasmus + (2509011_INF.04_2022-2023).

Durante el curso 2020-2021 o Decanato da Facultade de Filoloxía levou a cabo por primeira vez unha enquisa propia entre os estudantes participantes en programas de mobilidade. No Informe da enquisa propia sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus saíntes correspondente ao curso 2022-2023, estes consideraron que a **calidade dos estudos nas universidades de acollida** era equilibrada cos estudos na USC (16 dos enquisados consideraron que a calidade era similar, 6 que era maior na universidade de acollida e 4 que era maior na USC). A maioría dos enquisados valoraron tamén dun xeito equilibrado a **utilidade da oferta académica** e a **innovación metodolóxica** na universidade de acollida e na USC: no primeiro caso 8 dos enquisados manifestaron que a oferta académica na universidade de acollida era de maior utilidade para os seus estudos que a oferta da USC, 11 que era de utilidade semellante e 7 que era de menos utilidade; con respecto ao segundo aspecto, 6 dos enquisados consideraron que a innovación metodolóxica e o uso de ferramentas informáticas era maior na universidade de acollida, 19 que era semellante e 1 que era menor. A maioría dos enquisados consideraron que a estancia contribuíra moitísimo na súa formación académica (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS Saínte_2022-2023).

Despois do descenso drástico sen dúbida a causa da incidencia da COVID-19 experimentado durante o curso 2020-2021 (1,63%), a porcentaxe de estudantes entrantes, que ascendera drasticamente no curso 2021-2022 para situarse nun 8,65%, descendeu lixeiramente en 2022-2023 a un 7,36. Aínda así quedou moi por encima dos valores dos cursos inmediatamente anteriores á incidencia da COVID-19. En números absolutos, este dato supuxo pasar de 41 estudantes en 2021-2022 a 34 en 2022-2023, moi por encima dos 8 estudantes de 2020-2021, dos 25 de 2019-2020 e dos 27 de 2018-2019 (IN18G). Dos 34 estudantes recibidos en 2022-2023, 33 chegaron a través do programa ERASMUS e 2 a través do programa SICUE (5040_INF.03_2022-2023).

Para o curso 2022-2023 de novo contamos cun Informe de satisfacción sobre os programas de mobilidade entrante que recolle os datos globais da Facultade de filoloxía (5040_INF.05_2022-2023). No caso do curso 2022-2023 tres dos estudantes de intercambio entrante do Grao en Lingua e Literatura Inglesas deron resposta a esta enquisa, e poden ser máis dado que hai varios estudantes que identificaron os seus estudos de xeito indeterminado (5040_INF.05_2022-2023; 2501099_INF.05_2020-2021). No curso 2022-2023 propúxose unha Acción de mellora que evitara esta situación (AM-

Grao en Lingua e Literatura inglesas

02.02.B, Curso 2022-2023), que obtivo resposta pero non foi aínda executada. Algo semellante ocorre coa Acción de mellora que solicitaba o recordatorio dos períodos de apertura das enquisas de satisfacción no momento en que tal apertura se fora a producir e o envío de información e datos o máis concretos posible sobre os grupos de interese invitados a os que vai dirixida cada enquisa (AM-03, Curso 2022-2023). O feito de que polo menos 3 dos enquisados do GLLI deran resposta á enquisa parece indicar un éxito relativo das accións levadas a cabo para animar á participación nestas enquisas.

A valoración de distintas dimensións da experiencia na USC manifestada polos estudantes entrantes con programas de mobilidade na Facultade de Filoloxía no informe correspondente a 2022-2023 é en xeral moi boa, aínda que lixeiramente máis Baixa que no curso 2021-2022: a valoración global foi 4,41 (4,63 en 2021-2022). Este foi o aspecto mellor valorado, seguido polo 4,21 acadado pola **recomendación da USC a outras persoas para realizar a súa estadía** (4,75 en 2021-2022), o 4,05 acadado pola **calidade da formación recibida** (en 2021-2022), o 4,03 acadado polo **apoio ofrecido antes da estadía polo servizo de relacións exteriores** (4,63 en 2021-2022), e o 4 acadado tanto pola **calidade do profesorado** (4,38 en 2021-2022), como polas **posibilidades de validación das materias cursadas** (4,5 en 2021-2022). (2501099_INF.05_2022-2023).

Tamén no caso da mobilidade entrante contamos co Informe da enquisa propia elaborado polo Decanato da Facultade de Filoloxía sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus entrantes que, como analizaremos nos apartados correspondentes (CRITERIOS 4.1, 5.1, 6.1 e 7.2), amosa niveis de satisfacción altos en diversos aspectos relacionados cos estudos na Facultade de Filoloxía da USC. En xeral, no informe correspondente a 2022-2023, os estudantes entrantes con programas de mobilidade manifestaron un sentimento satisfactorio (9 dos enquisados) e moi satisfactorio (1 dos enquisados) coa súa experiencia na USC (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS Entrante_2022-2023).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Lingua e Literatura Inglesas da USC conta con diversos mecanismos de coordinación docente que se estruturan seguindo as directrices estipuladas na [Memoria de Verificación](#) (Apartado 5, Anexo 1, Apartado E: Mecanismos de coordinación docente). Tal coordinación artículase arredor dos seguintes cargos e comisións: coordinación de materias, coordinación de cursos, coordinación do GLLI, Comisión Académica do GLLI, Comisión de TFG e Comisión de Calidade do Centro.

Con data do 23/09/2022, a CA do GLLI aprobou un [Protocolo de coordinación](#) que define as labores de coordinación dos representantes do alumnado, dos coordinadores de materias, dos coordinadores de curso e do coordinador da titulación (GLLI_E4_Protocolo de coordinación Graos_2022-2023).

COORDINACIÓN DO PDI DE CADA MATERIA

Cada materia cuxa docencia está asignada a máis dun profesor/a conta cun/ha coordinador/a encargado/a de velar pola homoxeneidade da programación, avaliación e metodoloxía na docencia da materia, e o reparto das distintas actividades

Grao en Lingua e Literatura inglesas

docentes entre o personal asignado. Os programas deste tipo de materias especifican claramente cal é o profesor encargado de levar a cabo esta coordinación ([Programas das materias](#)). No curso 2022-2023 mantivéronse os compromisos vertidos nos primeiros *Informes de Seguimento do Grao en Lingua e Literatura Inglesas*, referentes aos intentos de limitar o número de profesores a cargo de cada materia, intentando na medida do posible que cada profesor dun grupo expositivo teña asignados oos grupos interactivos correspondentes a ese grupo expositivo salvo nalgúns materias básicas nas que polo elevado número de alumnos matriculados e/ou pola necesaria implicación de profesores falantes nativos se considera necesaria a participación dun número maior de profesores (*Informe de seguimento 2011-2012* (p. 19); *Informe de seguimento 2012-2013* (p. 19)). No curso 2022-2023, tres materias de lingua instrumental tiveron asignados máis de 4 profesores polos motivos expostos máis arriba: *Lingua Inglesa 1* (5 profesores), *Lingua inglesa 2* (4 profesores) e *Lingua inglesa 3* (5 profesores). Entre o resto das materias obrigatorias, 1 materia tivo asignados 5 profesores, Literatura inglesa 1, e 4 materias tiveron asignados 4 profesores, en todos os casos porque entre o profesorado figuraban contratados predoctorales; 2 materias tiveron asignados 3 profesores, de novo en todos os casos un dos profesores asignados era un contratado predoctoral; el resto das materias foron impartidas por 1 ou 2 profesores (2501099_E15_2022-2023). Como levamos constatando nos sucesivos *Informes de seguimento* desde o curso 2018-2019, as modificacións introducidas nas enquisas satisfacción tiveron como efecto a eliminación dos ítems relacionados coa coordinación de profesores nunha mesma materia, o que nos ten impedido coñecer o grao de satisfacción correspondente desde o curso 2018-2019. Como se puxo de manifesto nos correspondentes *Informes de seguimento*, dado que no caso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas un importante número de materias obrigatorias requiren a implicación de varios docentes (2501099_E15_2022-2023) consideramos que coñecer este dato resultaba especialmente relevante, por iso se incluiu unha Acción de mellora (AM-2, Curso 2019-2020) asociada ao [Autoinforme de seguimento GLLI 2018-2019](#), co obxectivo de consultar á ACMP sobre a posibilidade de volver a incorporar este tipo de cuestións nas enquisas de satisfacción. Como se indica no [Autoinforme de seguimento GLLI 2019-2020](#), non tivemos resposta a esta Acción de mellora, probablemente porque debido á incidencia da COVID-19 o labor da ACMP tivo que centrarse en aspectos de relevancia máis inmediata. Retomouse esta medida como Acción de mellora vinculada ao [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) (AM-3.2, Curso 2021-2022), pero tampouco se obtivo resposta. Por iso, volveuse a insistir neste aspecto na subtarefa B da Acción de mellora 02.02 (AM_02.01.B, Curso 2022-2023) asociada ao [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#), para dar cumprimento á recomendación incluída no *Informe final de seguimento de la titulación de Graduado o graduada en lingua y literatura inglesas* correspondente ao [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimento_Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC _(Seguimento 2020-2021)_2021-2022) no CAPÍTULO 3. DIMENSIÓN 1. CRITERIO 1: “Completar la ejecución de las acciones de mejora propuestas para solucionar la falta de datos de satisfacción del alumnado con la coordinación del profesorado que imparte docencia en una misma materia: (AM-3.2) y con la percepción de la coordinación entre diferentes materias y niveles (AM-6)”. Recibiuse resposta da ACMP a esta subtarefa, pero aínda descoñecemos se ten sido efectiva.

COORDINACIÓN ENTRE DISTINTAS MATERIAS E NIVEIS

O Grao en Lingua e Literatura Inglesas conta con catro coordinadores de curso asignados a cada un dos cursos nos que está dividido o plan de estudos. Cada un destes coordinadores xunto co coordinador do título como membros da Comisión Académica do GLLI encárgase anualmente da revisión dos programas propostos para cada unha das materias do seu curso, coidando así de que os obxectivos, metodoloxías, contidos e sistemas de avaliación sexan axeitados tal e como establece o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC](#) por acordo do Consello de Goberno do 28-10-2022. Despois desta revisión inicial da programación e tras ser solventados os erros detectados, os programas finalmente son aprobados en Xunta de Facultade. Os coordinadores de curso encárganse ademais de cuestións puntuais que poidan afectar á coordinación horizontal das materias, tales como posibles casos de solicitude de modificación de horarios por solapamentos de materias debidos a axustes na distribución de grupos, etc. Finalmente, como membros da Comisión Académica do Título de Grao en Lingua e Literatura Inglesas, estes coordinadores realizan os labores que como tales lles son encomendados. Os traballos de coordinación quedan refrexados nas actas das reunións da CA do GLLI (GLLI_E5_ACTAS CA DO GLLI_2022-2023).

Ademais da revisión anual da programación das materias levada a cabo polos membros da CA do GLLI, xeralmente os

Grao en Lingua e Literatura inglesas

coordinadores e os profesores de cada materia se encargan de contrastar os contidos da súa materia cos contidos doutras materias da mesma subárea de coñecemento para evitar vacíos e duplicidades. Aínda así, dado que a realización deste labor de coordinación vertical complementario ao labor de coordinación da CA do GLLI non estaba sistematizada, considerouse oportuno propoñer unha nova Acción de mellora co obxectivo de sistematizar este tipo de coordinación vertical por subáreas (AM-04, Curso 2022-2023) asociada ao Autoinforme de renovación da acreditación do GLLI 2021-2022. Esta acción de mellora está a ser implementada no presente curso 2023-2024.

O informe da enquisa de satisfacción coa docencia impartida amosa resultados favorables e tendentes á estabilidade en 2022-2023 con respecto á **coordinación de distintas materias e niveis**: no curso 2022-2023 este valor situouse no 3,88, moi similar ao dato de 2021-2022 que fora 3,91. (2501099_INF.14_2022-2023). Tamén se observa unha valoración positiva da **coordinación dos docentes na organización do título** manifestada no informe da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación: 2,80, moi similar ao valor acadado en 2021-2022 (2,90) (2501099_INF.23_2022-2023).

Desde o curso 2018-2019 non contamos con información sobre a valoración da **coordinación entre as materias do plan de estudos** na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación. Por este motivo se propuxo unha Acción de mellora solicitando á ACMP que volviera a incluír este aspecto na enquisa de satisfacción coa titulación (AM-02.01.A, Curso 2022-2023). A proposta desta Acción de mellora responde ademais á recomendación manifestada no *Informe final de seguimiento de la titulación de Graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* correspondente ao [Autoinforme de seguimiento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimiento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC_(Seguimiento 2020-2021)_2021-2022) no CAPÍTULO 3. DIMENSIÓN 1. CRITERIO 1: “Completar la ejecución de las acciones de mejora propuestas para solucionar la falta de datos de satisfacción del alumnado con la coordinación del profesorado que imparte docencia en una misma materia: (AM-3.2) y con la percepción de la coordinación entre diferentes materias y niveles (AM-6)”. Recibimos resposta da ACMP, pero se descoñece a efectividade final das medidas propostas.

COORDINACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Como ven sendo habitual desde que se puxera en marcha no curso 2016-2017, a Comisión de prácticas externas na Facultade de Filoloxía é a encargada, entre outras tarefas, de coordinar aqueles aspectos relacionados con este tipo de actividade. Co obxecto de mellorar todo o proceso asociado á realización de prácticas externas, durante o curso 2022-2023 esta comisión encargouse de coordinar:

- a elaboración do calendario e a convocatoria de prácticas externas (v. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/practicas> e GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS_2022-2023)
- a supervisión do desenvolvemento do proceso de selección de estudantes e a súa asignación de prácticas externas
- renovación da oferta de prácticas externas
- a elaboración de fichas sobre os procesos formativos ofrecidos por cada empresa colaboradora;
- la elaboración dun modelo de memoria de prácticas a cubrir por cada alumno, un modelo de informe do titor profesional e un modelo de informe do titor académico.

O [itinerario das prácticas externas](#) para titores académicos, titores profesionais e alumnos elaborado por esta comisión serve para favorecer a coordinación dos distintos axentes implicados nas prácticas externas, xa que esta guía estipula e delimita con claridade as obrigas de cada axente, entre as que figuran manter un contacto entre eles.

Os datos dos Informes das enquisas de satisfacción relacionadas coas prácticas externas están analizados no CRITERIO 7.2 (2501099_INF.08_2022-2023, 2501099_INF.07_2022-2023, 2501099_INF.06_2022-2023).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

PERFIL DE INGRESO

Os estudantes matriculados no GLLI cumpren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nos Apartados 4.1 e 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6; e Anexos: Apartado 3, pp. 26-27).

Como xa constatamos en informes anteriores, o nivel académico dos estudantes de novo ingreso segue en aumento. No curso 2022-2023 só un estudante accedeu á titulación cunha nota de 6/7. Os grupos máis abundantes foron os de estudantes con notas entre 8 e 9 (22), entre 9 e 10 (22), entre 10 e 11 (21), mentres que o grupo con nota entre 7 e 8 estivo conformado por só 10 estudantes. Resulta ademais digno de mención que 13 dos estudantes de novo ingreso tiñan notas entre 11 e 12, 11 dos estudantes de novo ingreso tiñan unha cualificación entre 12 e 13, e 6 tiñan cualificacións superiores a 13. Isto supón que 51 dos estudantes de novo ingreso foron admitidos con cualificacións superiores a 10 (2501099_INF.CIUG_2022-2023).

Dos 109 alumnos matriculados de novo ingreso, 106 correspondían á cota xeral repartidos entre os 103 procedentes de bacharelato e os 3 procedentes de Formación Profesional. Un 80% dos matriculados da cota xeral foron mulleres (2501099_INF.CIUG_2022-2023).

O Informe de procedencia xeográfica do alumnado (2501099_INF.16_2020-2021) deixa constancia do cumprimento dos principios do distrito único e aberto, como se recolle no Apartado 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6). Como xa anunciamos no apartado 1.1, a procedencia dos estudantes matriculados no GLLI está repartida maioritariamente entre 40 municipios da provincia de Pontevedra, 14 da provincia de Ourense, 22 da provincia de Lugo e 50 da provincia de A Coruña (v. CRITERIO 1.1). Os estudantes procedentes de fora da comunidade autónoma foron sete: 3 de Castilla y León, 1 de Andalucía, 1 de Asturias, 1 de Canarias, e 1 de La Rioja (2501099_INF.16_2022-2023). Tal información vese corroborada no Informe e avaliación do estudiantado de novo ingreso na Facultade de Filoloxía, elaborado coas respostas ao cuestionario respondido polo alumnado de primeiro curso no acto de benvida na Facultade de Filoloxía, en setembro de 2023: 100 dos alumnos enquisados (37,9%) precedían da provincia de A Coruña, 78 (29,5%) da provincia de Pontevedra, 29 (11,00%) da provincia de Lugo e 20 (7,6%) da provincia de Ourense. Grazas a este informe sabemos, ademais, que o 80% dos participantes nesta enquisa cursaron a modalidade de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, o 12% procedían da modalidade de Ciencias, e o 3% de Artes (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2022-2023).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2022-2023.

Durante o curso 2022-2023 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-O [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela](#) aprobado por Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, foi derogado e substituído polo [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC](#) por acordo do Consello de Goberno do 28-10-2022.

-[Regulamento polo que se establecen as normas de convivencia na USC](#), aprobado polo Consello de goberno o 30/03/2023.

-[Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado](#) aprobado polo Consello de goberno o 23/02/2023

-[Modificación do Regulamento de planificación académica](#), aprobada polo Consello de goberno o 23/02/2023.

-Resolución Reitoral sobre o recoñecemento dos niveis de coñecemento de idioma estranxeiro que se acadan cursadas certas titulacións na USC 02/03/2023.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese. Desde a páxina web da USC accédese á páxina web da Facultade de Filoloxía, onde, como se deixou constancia por extenso no Autoinforme de renovación de la acreditación del GLLI 2021-2022 (p. 42-44) se pode atopar información diversa sobre os estudos e servizos ofertados polo centro.

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e na da USC. Para evitar a saturación de información, durante o curso 2022-2023 desde o decanato aprobouse a iniciativa de recoller toda a información nun boletín que se envía semanalmente aos grupos de interese da Facultade.

Como en cursos anteriores, desde a coordinación do GLLI durante o curso 2022-2023 seguimos a intentar potenciar o uso da aula virtual de coordinación como vía de comunicación co alumnado e profesorado do GLLI. A aula virtual de coordinación foi organizada en cinco apartados: Actualidade, Cursos, Seminarios e conferencias, Estrutura dos estudos de grao en lingua e literatura inglesas, TFG, PAT: Sesións de orientación, Elección de representantes do alumnado, Lectorados e intercambios, Empregabilidade. En cada un destes apartados colgáronse documentos de interese recibidos na coordinación para a súa difusión. A través do foro de novas púxose en coñecemento dos distintos grupos de interese información variada sobre tfg, enquisas, empregabilidade, sesións informativas, obradoiros, etc.

A satisfacción coa información dispoñible sobre a titulación manifestada polos estudantes na enquisa de satisfacción coa titulación mellorou moi considerablemente con respecto ao curso anterior pasando de 2,00 en 2021-2022 a 3,32. A pesar dos esforzos investidos pola facultade na organización de sesións relacionadas coa orientación laboral, a valoración deste aspecto segue a figurar entre as máis baixas, 2,49, aínda que tamén mellorou considerablemente con respecto ao curso 2021-2022 cando fora 1,33 (2501099_INF.22_2022-2023).

A valoración da información pública manifestada polo profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación foi practicamente idéntica á do curso anterior pasando de 4,29 en 2021-2022 a 4,27 en 2022-2023 (2501099_INF.23_2022-2023).

Polo que respecta á enquisa realizada aos estudantes que defenderon o seu TFG en 2022-2023, nunha escala de 1 a 5, a maioría dos enquisados valoraron a **información administrativa e os documentos recollidos na web do centro** cun 4, sendo maioría absoluta a suma dos que optaron por 3, 4, e 5. O resultado indica polo tanto un nivel de satisfacción

Grao en Lingua e Literatura inglesas

elevado neste aspecto. Lixeiramente máis alta foi a valoración da **información obtida nas sesións orientativas**, dado que neste caso houba máis enquisados que optaron polo 5 ca no caso anterior, e menos que optaran polo 2. En ningún dos dous casos algún enquisado optou polo 1 (I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2022-2023).

O informe sobre a enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade refírese ao conxunto da Facultade. O informe constata que a valoración da información dispoñible na web da USC (3,95) descendeu con respecto ao curso anterior (4,50), pero seguiu a ser lixeiramente superior á valoración da información nas universidades de orixe (3,59;3,75 en 2021-2022). A valoración da información sobre as validacións foi de 3,54, moi similar á valoración do curso 2021-2022 (3,63) e lixeiramente máis alta foi a valoración da información sobre a avaliación, 3,74, considerablemente máis baixa ca no curso 2021-2022 cando fora 4,75 (5040_INF.05_2022-2023).

De xeito similar ao que ocorre co informe sobre mobilidade entrante, o informe de mobilidade saínte constata que a valoración da información dispoñible na web da USC (3,07) é similar á valoración do curso 2021-2022 (3,25) e lixeiramente superior á valoración da información nas universidades de acollida (2,86), que descendeu considerablemente con respecto á valoración de 2021-2022 (3,25). A valoración da información sobre as validacións foi considerablemente inferior á valoración feita polo estudiantado de mobilidade entrante, 2,86, e tamén inferior con respecto á valoración de 2021-2022 (3,25) (2501099_INF.04_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2022-2023, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguiron levándose a cabo como se fixera habitualmente.

As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (v. actas correspondentes). A composición de todas as [comisións](#) mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando..

Como ven sendo habitual, desde a Facultade realizáronse catro enquisas de elaboración propia:

-Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade (GLLI_E3_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2022-2023).

-Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral (GLLI_I4_Informe Satisfacción TFG_2022-2023).

-Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus entrante na Facultade de Filoloxía (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2022-2023)

-Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus saínte na Facultade de Filoloxía (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2022-2023).

O centro procurou contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, correos à lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

Como xa se fixera en cursos anteriores a coordinación do título utilizou con frecuencia a aula virtual de coordinación para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudiantado implicado na docencia/discencia do título. Desde

Grao en Lingua e Literatura inglesas

o GLLI utilizouse a aula virtual de coordinación principalmente para:

- animar aos estudantes a participar nas enquisas de satisfacción,
- transmitir información sobre as diversas sesións de orientación celebradas no centro,
- transmitir información sobre os módulos complementario e optativo,
- transmitir información sobre o acceso á ferramenta TEAMS para o estudantado de primeiro curso,
- transmitir información sobre os cursos de formación para realización de TFG, empregabilidade etc. ofrecidos polo centro,
- transmitir información sobre o proceso do TFG,
- poñer en coñecemento dos alumnos os resultados globais das enquisas de satisfacción coa docencia recibida,
- comunicación de información sobre intercambios e lectorados.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Ao longo do curso 2022-2023 recibíronse no decanato da Facultade de filoloxía catro solicitudes de revisión de cualificacións por parte do alumnado do GLLI: 3 foron inadmitidas a trámite por resolución decanal (en dous casos por non motivar o trato arbitrario ou discriminatorio que se esixe para presentar unha reclamación de revisión de cualificacións, e a terceira por non ter acudido ao proceso de revisión de exame como esixe a normativa de avaliación do rendemento da USC) e outra foi desestimada por resolución decanal (a comisión de reclamacións informou negativamente a modificación da cualificación). Recibiuse ademáis unha queixa referente á dificultade dalgunhas das materias ofrecidas para facer estudos de minor de filoloxía clásica especialmente para alumnado doutras titulacións suxerindo a posibilidade de cambiar estas materias por outras.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A principios do curso 2022-2023 despois de máis dun ano traballando no axuste da documentación do centro co obxectivo de acadar a acreditación institucional seguindo os procedementos do [Manual de procesos da Facultade de Filoloxía](#) y do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade \(4º ed.\)](#) elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 ([Acta da CCC, 27-02-2020](#)), aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno 30/09/2020, a Comisión de Calidade do Centro decidiu interromper o proceso ante a recepción de información que non parecía facer recomendable concorrer á solicitude de acreditación institucional (GLLI_E5_ACTAS CCC_2022-2023: [20-10-2021](#), [03-03-2022](#), [21-07-2022](#), [01-09-2022](#) e [06-10-2022](#)).

Por este motivo, no curso 2022-2023 as titulacións de grao adscritas á Facultade levaron a cabo as distintas fases do proceso de renovación da acreditación seguindo o calendario establecido pola USC e a ACSUG. Todos os informes de renovación da acreditación foron aprobados o 11/05/2023 na Comisión de Calidade do Centro. A visita da comisión avaliadora tivo lugar os días 21 e 22 de xuño de 2023.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, esta foi elaborada

Grao en Lingua e Literatura inglesas

pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 11/05/2023. A memoria de centro foi modificada seguindo as recomendacións da ACMP (modificacións menores: incorporación de ligazóns á páxina web da facultade e incorporación de indicadores cuantificables nas AAMM) e aprobada pola CCC en reunión celebrada o 17/07/2023.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento e de renovación da acreditación dos distintos títulos, son accesibles en <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoxia/calidade/documentacion-sgc>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma. A Memoria de Centro e o Plan de melloras do centro foron aprobados pola CCC na reunión do 11-05-2013. A Memoria foi modificada seguindo as indicacións da ACSUG e aprobada pola CCC o 17-07-2023.

Como se indica máis arriba, a principios do curso 2022-2023 despois de máis dun ano traballando no axuste da documentación do centro co obxectivo de acadar a acreditación institucional, a Comisión de Calidade do Centro decidiu interromper o proceso ante a recepción de información que non parecía facer recomendable concorrer á solicitude de acreditación institucional (GLLI_E5_ACTAS CCC_2022-2023: 01-09-2022 e 06-10-2022).

Durante o curso 2022-2023 a CCC abriu un proceso de reflexión sobre unha posible reforma da oferta curricular, como se pode constatar na acta da reunión desta comisión celebrada o 01-02-2023. Tal proceso continúa activo, despois de ter rematada unha primeira fase que afectou só as modificacións non-substanciais durante o curso 2023-2024.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como levamos indicando nos Informes de seguimento de cursos anteriores, debido á complexidade das modalidades de estudos ofertadas pola Facultade de Filoloxía, o cómputo do profesorado implicado na docencia do GLLI resulta especialmente complexo, dado que na titulación participan un elevado número de profesores de materias básicas, complementarias ou optativas da modalidade Minor que son impartidas como materias do Maior doutras titulacións, e profesores de materias básicas transversais que son impartidas en todas a titulacións do centro, como foi explicado detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (pp.10-11 e 30-32). Froito da reflexión contida nese documento foi a conclusión de que resulta máis axeitado concentrarnos na análise dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, xa que eles imparten maioritariamente as materias do Maior do GLLI.

No documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 35 docentes, dos que só 24 poden ter experiencia investigadora ou docente recoñecida. Os restantes 11 son: 3 profesores lectores, 7 contratos predoutorais do Ministerio (6) e da Xunta (1), e 1 contratado postdoutoral da Xunta. Polo tanto, dúas materias de formación básica, as materias do Maior do GLLI –agás a titorización de 5 TFG por PDI das áreas básicas transversais- e as materias optativas de especialización listadas no documento E15: Plan de ordenación docente recaen nun total de 27 profesores: 3 profesores lectores, 2 profesores contratados doutores, 1 profesor interinos, 3 profesores axudantes doutores, 4 catedráticos de universidade e 14 profesores titulares. Estes 27 profesores encárganse das 34 materias ofertadas no GLLI: 20 materias do Maior (4 destas materias ofrécense como parte do módulo complementario en Estudos Ingleses I para as outras catro titulacións de grao da Facultade e outras 4 ofrécense como parte do módulo optativo do Minor en Estudos Ingleses II para as outras catro titulacións de grao da Facultade), 2 materias básicas obrigatorias (que ademais se ofrecen como materias básicas para as outras catro titulacións de grao do centro) e 12 materias optativas da especialidade (2501099_E15_2020-2021). Os profesores da área de Filoloxía Inglesa (agás os tres lectores) encargáronse en 2022-2023 da titorización de 105 dos 110 TFG matriculados no GLLI (GLLI_E5_ACTAS COMISIÓN TFG_2022-2023; GLLI_E24_TFG Inglés_2022-2023). Algúns destes profesores teñen docencia asignada noutros graos e facultades da

Grao en Lingua e Literatura inglesas

USC. Como conclusión, podemos manter que este número de profesores é axeitado para o encargo docente, e, a pesar das xubilacións producidas desde a elaboración da *Memoria de Verificación* e grazas á contratación de catro novos profesores axudantes doutores desde o curso 2020-2021, acérase aos números suxeridos neste documento, onde se falaba de 34 profesores da área de Filoloxía Inglesa (29 profesores e 5 lectores) para levar a cabo os labores docentes do GLLI. Debido á peculiaridade das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, non contamos con indicadores da ratio de estudantes por profesor, xa que o medio de cómputo deste indicador resultaba inadecuado para estas titulacións. As contratacións de profesorado destes últimos anos contribuíron a relaxar lixeiramente a carga docente do PDI resultante de varios anos seguidos de xubilacións sen reposición de persoal e a reducir o avellentamento do cadro de persoal.

EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DO PDI

No curso 2022-2023 todos os indicadores referentes a experiencia docente e investigadora ascenderon moi lixeiramente:

- a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total pasou de 90,80% en 2021-2022 a 93,02% en 2022-2023, e mantense, polo tanto, nun valor superior á media da USC, que foi de 85,20% (2501099_MedUSC_2022-2023) e moi semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 92,34 (IN24G; IN24C);
- a porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total pasou de 68,81% en 2021-2022 a 71,03% en 2022-2023 e segue sendo, polo tanto, moi superior á media da USC, que foi de 50,70% (2501099_MedUSC_2022-2023) e moi semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 71,90% (IN26G; IN26C);
- a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total pasou de 85,32% en 2021-2022 a 86,92 en 2022-2023, e mantense nun nivel superior á media da USC, que foi de 81,31% (2501099_MedUSC_2022-2023) e de novo semellante á media da Facultade de Filoloxía que foi de 88,70% (IN25G).

Estes valores están calculados sobre o PDI total da titulación, é dicir, incluíndo aos profesores de materias transversais, básicas, complementarias e optativas do Maior que non pertencen ao Maior do GLLI, de xeito que se computan un total de 80 (79 en 2021-2022) membros do PDI con sexenios sobre un total de 86 (87 en 2021-2022) membros do PDI (entendemos que só computan aqueles membros de PDI que poden optar a ter sexenios), 76 (75 en 2021-2022) membros do PDI funcionarios sobre un total de 107 (109 en 2021-2022) membros de PDI e 93 (93 en 2021-2022) membros do PDI doutores sobre un total de 107 (109 en 2021-2022) membros do PDI. No caso dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá encargados das materias do Maior do GLLI, as porcentaxes elevaríanse considerablemente. Estes 24 profesores acumulan no curso 2022-2023 52 sexenios de experiencia investigadora e 111 quinquenios de experiencia docente (2501099_E15_2022-2023). Estes datos certifican a elevada experiencia docente e investigadora do PDI encargado das materias do Maior do GLLI e optativas de especialización, pero tamén corroboran o proceso de avellentamento do cadro de persoal, limitado pola incorporación desde 2019-2020 de catro profesores axudante doutor. Os datos de experiencia investigadora e docente melloran considerablemente os reflectidos na *Memoria de Verificación*, onde aparecen rexistrados 38 sexenios obtidos polos 23 profesores (PDI funcionario) de Filoloxía Inglesa (Anexos: Apartado 6, p. 183), fronte aos 52 rexistrados polos 24 profesores (4 catedráticos+14 PDI funcionario + 2 Profesor contratado doutor+1 Profesores interinos+3 Axudantes doutores) encargados da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa do GLLI en 2022-2023. Con respecto á experiencia docente, na *Memoria de Verificación* os 23 profesores titulares en Filoloxía Inglesa que impartían docencia na licenciatura sumaban un total de 72 quinquenios (Anexos: Apartado 6, p. 181), número que se ten incrementado significativamente no curso 2021-2022, no que os 24 profesores (4 catedráticos, 14 PDI funcionario, 2 profesores contratado doutor, 1 profesor interino e 3 profesores axudante doutor) da área de Filoloxía Inglesa con docencia en materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación alcanzaron un total de 111 quinquenios de docencia.

Como conclusión, estes resultados referentes á experiencia docente e investigadora do PDI a cargo da docencia do GLLI son, en xeral, positivos, especialmente se prestamos atención ao PDI encargado da docencia das materias da área de

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Filoloxía Inglesa, e melloran os datos expostos na *Memoria de Verificación*. Sen embargo, a evolución positiva destes datos tamén confirma o progresivo avellentamento do cadro de persoal, que no curso 2022-2023 veuse lixeiramente ralentizado tras a contratación dos catro profesores axudante doutor.

PDI ENCARGADO DA DOCENCIA DE MATERIAS DO PRIMEIRO CURSO

O personal académico asignado a materias da área de Filoloxía Inglesa do primeiro curso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas encárgase da docencia de catro asignaturas (2501099_E15_2022-2023):

-no curso 2022-2023 *Lingua inglesa 1* foi impartida por 3 lectores, 1 profesor interino e 1 axudante doutor con 1 quinquenio de experiencia docente e 1 sexenio de investigación;

-no curso 2022-2023 *Lingua inglesa 2* foi impartida por 3 lectores, e 1 axudantes doutor con 1 quinquenio de docencia e 1 sexenio de investigación;

-no curso 2022-2023 *Historia e cultura dos países de fala inglesa* foi impartida por 1 profesor titular con 5 quinquenios de docencia e 1 sexenio de investigación, e un profesor contratado doutor con 5 quinquenios de docencia e 1 sexenio de investigación;

-no curso 2022-2023 *Introducción á literatura inglesa* foi impartida por dous profesores titulares que sumaban 11 quinquenios de docencia e 5 sexenios de investigación.

Como se argumentou no CRITERIO 1.3, as materias *Lingua inglesa 1* e *Lingua inglesa 2* contan cun elevado número de grupos interactivos de laboratorio, o que obriga á intervención dun abundante número de profesores. En ambas materias as sesións interactivas centradas nas destrezas de produción oral e escrita como mínimo son impartidas por lectores.

PDI ENCARGADO DA DOCENCIA DA MATERIA TFG

Dado que todo o PDI con docencia nas materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación e parte do PDI con docencia en materias básicas das áreas transversales está involucrado na dirección de TFG do GLLI debido ao elevado número de traballos matriculados, pódese considerar que a reflexión anterior acerca da experiencia docente e investigadora de estos sectores do PDI da Facultade de Filoloxía é aplicable ao PDI encargado da materia TFG e suficiente para xustificar a idoneidade deste PDI para levar a cabo a dirección de TFG. Simplemente resulta oportuno aclarar que como se recolle nas actas das reunións da CA do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, e da Comisión de TFG, cada ano o PDI encargado de materias de maior e da especialidade do GLLI ofrece a dirección dun número determinado de TFG (calculado en base aos TFG que lles foron asignados a cada docente nos dous cursos anteriores) dentro das liñas temáticas que cada docente considere oportuno en base ao seu perfil docente e investigador, oferta que é debidamente aprobada e feita pública pola Comisión de TFG da Facultade de Filoloxía (GLLI_E5_ACTAS COMISIÓN TFG_2022-2023, 30-06-2023). O perfil docente e investigador do profesorado pode ser consultado no apartado "Equipo docente" no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-inglesas>

PDI ENCARGADO DA TUTORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Con respecto ás prácticas externas, o GLLI conta con 4 docentes que actúan como tutores académicos dos programas de prácticas externas nas seguintes institucións: Centro Superior de Hostelería de Galicia, A casa das linguas, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) ([Listaxes de empresas e tutores 2022-2023](#)). Destes docentes 3 son profesores titulares e un é un profesor contratado doutor e suman un total de 22 quinquenios de docencia e 4 sexenios.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

VALORACIÓN DO LABOR DOCENTE

Coma en cursos anteriores, proba da boa saúde do labor docente no GLLI son os resultados das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e coa docencia impartida:

- o grao de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida descendeu moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 4,14 en 2021-2022 a 3,89 en 2022-2023 (3,95 en 2020-2021) (IN46G). Os aspectos mellor valorados foron os relacionados coa organización, programación da materia: o **cumprimento do programa e o plan de traballo previsto** obtivo un 4,24 (4,51 en 2021-2022); a **capacidade do docente de resolver dúbidas** foi valorado cun 4,17 (4,34 en 2021-2022), **“Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia”** obtivo un 4,15 (4,47 en 2021-2022), e tanto a **explicación do programa e os criterios de avaliación** como a **axuda recibida nas titorías** foron valorados cun 4,10 (4,34 en 2021-2022 para o primeiro ítem e 4,18 para o segundo). O resto dos aspectos foron valorados moi preto do 4: o **material de apoio** e a **actitude receptiva do docente** obtiveron un 3,95 (4,07 no primeiro caso en 4,20 no segundo en 2021-2022), os recursos didácticos foron valorados cun 3,92 (4,09 en 2021-2022), e tanto o aspecto **“Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia”** como **“O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase”** obtiveron un 3,83 (4,06 en 2021-2022). O ítem **“Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia”** foi valorado cun 3,77 (4,06 en 2021-2022) e **“O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia”** cun 3,71 (3,95 en 2021-2022). Ningún dos aspectos baixou do 3,5: **“O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma” acadou un 3,69 (3,89 en 2021-2022)**, **“Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación”** obtivo un 3,64 (3,96 en 2021-2022) e **“O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos”** foi valorado cun 3,57 (3,91 en 2021-2022). Resulta curioso que dous dos aspectos peor valorados sexan a facilitación do traballo autónomo por parte do docente xunto co nivel de aproveitamento da asistencia a clase para a comprensión dos contidos, tendo en conta que se a asistencia non é tan proveitosa iso debería de indicar un maior grao de desenvolvemento e aproveitamento do traballo autónomo (2501099_INF.13_2022-2023). A boa relación entre o alumnado e os docentes vese confirmada polos resultados das enquisas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2022-2023, onde queda constancia de que o aspecto **“Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a titor/a”** figura entre os mellor valorados: a inmensa maioría dos enquisados valoraron este aspecto como 4 ou 5, sendo 5 o máis abundante (GLLI_14_Informe Satisfacción TFG_2022-2023).

- O grao de satisfacción do PDI coa docencia impartida mantívose practicamente igual ao do curso anterior, pasando de 4,22 en 2021-2022 a 4,24 en 2022-2023 (IN47G). Os resultados referentes á relación cos alumnos e á organización das clases son especialmente positivos: superan o 4 tanto a valoración dos aspectos **“Organizo e estruturo ben as miñas clases”** (4,54 fronte a 4,59 en 2021-2022) e **“Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia”** (4,78 fronte a 4,85 en 2021-2022), como a valoración de **“Amósome accesible ao meu alumnado nas clases e titorías”** (4,88 fronte a 4,90 en 2021-2022), e do **“Trato correcto cos estudantes”** (4,85 fronte a 4,91 en 2021-2022). O aspecto **“En xeral, estou satisfeito co meu labor como docente”** tamén superou a valoración de 4 (4,33 fronte a 4,36 en 2021-2022), e por primeira vez, tamén estiveron por encima do 4 a valoración da satisfacción coa titorización de tfg e tfm (4,02 fronte a 3,78 en 2021-2022) e valoración do coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos (4,01 fronte a 3,88 en 2021-2022). Próximas ao 4 están as valoracións do **“Traballo realizado polo alumnado”** (3,79 practicamente idéntica ao 3,73 de 2021-2022). A valoración da **participación do alumnado nas clases** foi de 3,67 relativamente máis alta que o 3,41 de 2021-2022 (2501099_INF.14_2022-2023).

- Na enquisa de satisfacción dos egresados, as valoracións en 2022-2023 son similares ás valoracións medias da USC: a formación teórica obtivo un 4,10 (3,80 de media na USC), a formación práctica foi valorada cun 2,50 (2,65 de media na USC), os docentes obtiveron un 3,10 (3,16 de media na USC) e a titulación un (3,60 (3,45 de media na USC). (2501099_INF.09_2ºS_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-No informe da enquisa propia elaborada polo decanato da Facultade de filoloxía sobre satisfacción do estudiantado Erasmus entrante, os enquisados amosaron un alto grao de satisfacción co PDI do centro: con respecto á **accesibilidade do profesorado**, practicamente o mesmo número de enquisados optou polas valoracións 3 e 4, sendo estas dúas maioritarias, seguidas das valoracións 2 e 5, polas que optaron un número similar dos enquisados; ningún optou polo 1. Con respecto á **competencia do profesorado**, o resultado foi incluso mellor dado que ningún dos enquisados optou por valores inferiores a 3, e a opción máis abundante foi 4 (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTES_2022-2023)

Como xa se adiantou no CRITERIO 1.2, a media de alumnos por grupo de teoría para o curso 2022-2023 segue a aparecer desagregada en dous datos novos: a “Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)” e a “Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)”. A media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias básicas e obrigatorias no GLLI foi de 57,61 (62,76 en 2021-2022) (IN55G) e a media de alumnos matriculados en grupos expositivos nas materias optativas foi de 30,42 (33,86 en 2021-2022) (IN56G). Os dous datos resultan próximos á expectativa manifestada na *Memoria de Verificación* (75 como media de alumnos por grupo de teoría). Como xa indicamos máis arriba, os alumnos do GLLI comparten oito das materias do maior do GLLI con alumnos doutros graos que fan estas materias como parte dos módulos complementario e optativo das súas titulacións, e os estudantes do GLLI comparten ademais as materias dos seus módulos complementarios e optativos de minor con estudantes do resto das titulacións, o que supón que o número real de alumnos nos grupos sexa algo máis alto do que estes indicadores poñen de manifesto (v. CRITERIO 1.2). A media de alumnos por grupo de docencia interactiva foi 25,77 (27,42 en 2021-2022); 20,1 (21,02 en 2021-2022) grupos de laboratorio e 29,56 (31,77 en 2021-2022) en grupos de seminario (IN32G) segue próxima á proposta na *Memoria de Verificación* (25 alumnos por grupo de docencia interactiva) (Anexos: Apartado 5, p. 37). Tamén estas medias se manteñen dentro do estipulado no PAA para o curso 2022-2023. As valoracións positivas acadadas nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e a docencia impartida nos aspectos referentes á relación entre o PDI e o alumnado parecen confirmar que o tamaño dos grupos é correcto.

OFERTA DE FORMACIÓN DOCENTE

A USC conta cun programa propio de formación e innovación docente que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia con especial referencia a aspectos como as TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación, etc. A porcentaxe de participación do PDI do GLLI neste tipo de actividades en 2022-2023 foi a máis alta no conxunta da Facultade de filoloxía e mantívose estable con respecto ao curso 2021-2022: 15,22% en 2022-2023 fronte a 15,91% en 2021-2022 (5040_I6-I7_2022-2023). A valoración da satisfacción xeral media coas actividades formativas segue a ser alta, 4,59 no conxunto do PDI da USC (5040_INF.10_2022-2023). Proba do alto grao de satisfacción do PDI con estas actividades formativas é que o 94,10% dos enquisados manifestan que lles recomendarían aos seus compañeiros que se matriculasen nestes cursos (5040_INF.10_2022-2023). Todos os valores da enquisa de satisfacción son superiores a 4, destacando o 4,67 tanto do proceso de inscrición e matrícula como das instalacións, o 4,60 da planificación e organización dos cursos (horarios, número de prazas, etc), e o 4,62 dos materiais didácticos utilizados, que están habitualmente entre os aspectos mellor valorados. Con respecto á valoración dos contidos, a “Adecuación dos contidos ás necesidades de formación” foi valorada cun 4,55, o carácter innovador e actualizador dos contidos foi valorado cun 4,50, e a aplicación dos contidos ao labor docente foi valorado cun 4,49 (5040_INF.10_2022-2023). Podemos concluir que a oferta de actividades docentes para o PDI da Facultade de Filoloxía é suficiente e sobradamente satisfactoria.

INCORPORACIÓN DE PERSONAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

No curso 2022-2023, dos 42 (27 en 2021-2022) investigadores en formación rexistrados na Facultade de Filoloxía, 15 (11 en 2021-2022) correspondían á área de Filoloxía Inglesa (3 contratados postdoutorais Margarita Salas, 1 contratado posdoutoral da Xunta, 9 contratados predoutorais do Ministerio e da Xunta) (GLLI_E15_Persoal docente e investigador en formación_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Con respecto ao GLLI, como se refrexa no documento E15, o número de contratados predoutorais que participaron na docencia en materias do maior e optativas da especialización foi de 7 en 2022-2023 (9 en 2021-2022) (6 do ministerio e 1 da Xunta), máis 1 contratado posdoutoral (2501099_E15_2021-2022). Este personal está ademais integrado nos grupos de investigación asociados á área de Filoloxía inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá: *Lingüística aplicada a la enseñanza y el aprendizaje del inglés, traducción y diseño textual* ([Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual | Grupos de investigación - Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#), [INDEX \(spertus.es\)](#)), *Variación, cambio lingüístico y gramaticalización* ([Variación, cambio lingüístico e gramaticalización | Grupos de investigación - Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#), <http://www.usc-vcg.es/>) y *Discurso e Identidade* (<https://investigacion.usc.gal/grupos/4722/detalle>, https://discursoeidentidade.com/?page_id=184).

MOBILIDADE DO PROFESORADO/ PROFESORES/AS INVESTIGADORES/AS VISITANTES/

Segundo o índice I10 “Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título” do total de 35 profesores do GLLI un 2,86% participaron en programas de mobilidade no curso 2022-2023, o que supón en números absolutos que 1 membro do PDI participou en programas de mobilidade. No curso 2022-2023 incluíase unha Acción de mellora co propósito de solucionar o que interpretamos como unha disparidade e inexactitude nos datos do I10 (AM-05, Curso 2022-2023), dado que entendíamos que segundo este documento 35 profesores constituían o 2,86% do total de PDI da titulación. Esta Acción de mellora respondía ademais á recomendación manifestada no *Informe final de seguimiento de la titulación de Graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* correspondiente al [Autoinforme de seguimiento GLLI 2020-2021](#) (GLLI_E2_Informe Final de Seguimiento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC _ (Seguimiento 2020-2021)_ 2021-2022) no CAPÍTULO 3. DIMENSIÓN 2. CRITERIO 4: “Como bien señala el Informe, el número (no el porcentaje) de profesores que participan en programas de movilidad es adecuado (31), aunque se deberán analizar las discrepancias habidas entre número y porcentaje en la estadística oficial” e “Resolver las discrepancias señaladas entre porcentaje y número de profesores que participan en programas de movilidad”. A resposta recibida desde o Centro de datos aclarou a situación.

ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA CELEBRADAS NA FACULTADE

Durante o curso 2022-2023 celebráronse numerosos eventos no ámbito do GLLI, que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas.

CONGRESOS E SIMPOSIOS

- Simposio internacional** “Race and the Body: The Legacy of Slavery”, organizado y financiado por el proyecto de investigación USRACEBODY, PGC2018-095687-B-I00, y el grupo de investigación “Discurso e Identidade” (DI-1924 ED431C, 2019/001), en la Facultad de Filología (5-6 de septiembre, 2022). Organizado por Constante González Groba; Susana Jiménez Placer; Vanesa Lado Pazos.
- **Congreso internacional**: *9th Conference on Computer-Mediated Communication (CMC) and Social Media Corpora (CMC-corpora 2022)*, <https://www.usc.es/en/congresos/cmc2022>, 28-29 de setembro de 2022, Facultade de Filoloxía (USC). Organizado por **GI-1762 (IP: Ignacio Palacios Martínez)**
- **Simposio internacional** organizado en colaboración cos grupos da Rede de Investigación ‘English Linguistics Circle’ (ELC): *International Workshop Modelling the linguistic architecture of English: cognitive and empirical developments (MODELLING 2023)*, <https://modelling2023.webs7.uvigo.es/>, 19-20 de xaneiro de 2023, MARCO (Museo de Arte Contemporáneo), Vigo.

SEMINARIOS E XORNADAS:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- **Seminario de investigación** impartido por Angela George (Universidade de Calgary, Canadá): “Code-switching in heritage language learners”, 27 de outubro de 2022. Organizado por **GI-1762 (IP: Ignacio Palacios Martínez)**
- **Serie de seminarios de investigación** en colaboración cos grupos da Rede de Investigación ‘English Linguistics Circle’ (ELC):
 - *39th ELC Research Seminar*: Daniel Schreier (Universidade de Zürich, Suíza): “Multiple modality in World Englishes: Perspectives from dialect typology”, 10 de outubro de 2022 (telemático, vía MS Teams)
 - *40th ELC Research Seminar*: Holger Diessel (Universidade de Jena, Alemaña): “Exploring the construction: Construction families, grammatical paradigms and syntactic neighborhoods”, 7 de marzo de 2023 (telemático, vía MS Teams)
 - *41st ELC Research Seminar*: Ana Fernández Dobao (Universidade de Washington, Seattle, Estados Unidos): “A study of heritage and second language learners’ interaction and learning: A mixed methods approach”, 18 de abril de 2023.
- Xornadas “Ricardo III e a Europa do século XV”. 04,05,13 de outubro de 2022. Organizado polo grupo “Discurso e identidade”.

CONFERENCIAS:

- Conferencia e debate: “Irish Ecopoetry in Postcolonial Times: In Conversation with Grace Wells and Keith Payne”. 19 de setembro de 2022. Organizada polo proxecto de investigación “The Animal Trope” (IP Manuela Palacios)

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro conta co persoal necesario e perfectamente cualificado para levar a cabo os seus labores. O número de PAS na Facultade de Filoxía en 2022-2023 foi de 24, dous máis ca no curso anterior, e deles 13 contaban cunha experiencia superior aos 10 anos de servizo (5040_E16_2022-2023). Destes 24, 13 realizan labores nas ramas de administración (9) e servizos (4). Como xa indicamos nos informes de anos anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Ao igual que en anos anteriores a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico.

BIBLIOTECA

O persoal da Biblioteca está composto por:

- Dirección da Biblioteca: 1
- Axudantes Biblioteca: 3
- Auxiliares Biblioteca: 6

O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto

Grao en Lingua e Literatura inglesas

persoal docente e investigador como aos alumnos. En contraste, o persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación. Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido. Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI. A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

SATISFACCIÓN DO PAS

O informe da enquisa de satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía de 2022-2023 rexistrou 11 respostas.

A satisfacción media do PAS da Facultade de Filoloxía no curso 2022-2023 foi 4,09 algo máis alta que a do curso 2021-22 que fora de 3,83. Nove dos valores superaron o 4 en 2022-2023: **“A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo”** foi o aspecto mellor valorado obtendo un 4,55 (4,58 en 2021-2022), seguido moi preto por **“As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade”** valorado cun 4,45 (4 en 2021-2022) e **“Síntome parte dun equipo de traballo”** e **“Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo”** ambos aspectos valorados cun 4,36 (4 e 4,08 respectivamente en 2021-2022). Tres aspectos foron valorados cun 4,27: **“Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas”** (3,83 en 2021-2022) **“A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada”** (4,17 en 2021-2022) e **“O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso”** (4,33 en 2021-2022). Tamén chega a 4 a valoración dos **recursos dispoñibles** (4,33 en 2021-2022). O aspecto peor valorado foi **“O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)”** valorado cun 3,64 (considerablemente inferior ao 4,08 de 2021-2022 e probablemente motivado polos cambios que afectaron a este aspecto no curso 2022-2023). Algo máis alta foi a valoración do ítem **“O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)”** que obtivo un 3,82 (tamén considerabelment inferior ao 4,17 de 2021-2022). A mesma valoración foi obtida pola **motivación no traballo**. (3,93 de media na USC). Preto do 4 foi a valoración da **coordinación con outras unidades da universidade**, que obtivo un 3,91 (considerablemente superior ao 3,40 de 2021-2022), exactamente a mesma valoración obtida polo **sistema de reparto da carga de traballo** (5040_INF.21_2022-2023).

OFERTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PAS

A satisfacción global media manifestada polo PAS da USC cos cursos de formación recibidos segundo o Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas foi de 8,27 (sobre 10) case idéntica á valoración do curso 2021-2022 (8,29) (5040_INF.11_2020-2021). Como no curso anterior, todos os valores do Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas de 2022-2023 son positivos e non houbo grandes cambios con respecto ao curso anterior: os aspectos mellor valorados son o **número de alumnos** (8,87; 8,72 en 2021-2022), os **horarios** (8,76; 8,52 en 2021-2022), a **consecución dos obxectivos** (8,35; 8,36 en 2021-2022), os **contidos teóricos** (8,33; 8,40 en 2021-2022), e as **aulas e instalacións** (8,60; 8,19 en 2021-2022). O aspecto peor valorado foi o referente aos **contidos prácticos** (7,71; 7,65). Como se pode apreciar, os valores foron en xeral lixeiramente máis altos ca os do curso anterior, e de feito, o 91,14% (92,56% en 2021-2022) dos PAS da USC recomendaría os cursos a outras persoas (5040_INF.11_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2022-2023, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

BIBLIOTECA:

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

A Biblioteca de Filoloxía, presta os seus servizos aos seguintes usuarios e titulacións:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

TITULACIÓNS	ALUMNOS	PROFESORES
Grao en Lingua e Lit. Españolas	347	33
Grao en Lingua e Lit. Galegas	224	45
Grao en Lingua e Lit. Inglesas	545	42
Grao en Filoloxía Clásica	135	33
Grao en Ling. e Lit. Modernas	356	
Máster Univ. en Est. Med. Europeos	31	
Máster Univ. en Est. da lit. e da Cultura	42	
Máster Univ. en Est. Ingleses Avanzados	25	
Máster Univ. en Lingüística Aplicada	14	
Máster Univ. Erasmus Mundus en Lexicografía	6	
TOTAL USUARIOS	1.725	168

As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son: Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura.

Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

-Unha colección básica destinada ao estudo, composta principalmente, polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria. Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios. É a sección coñecida como **Frecuente** e conta cun fondo de 14.253 exemplares.

-Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquiren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos 2 fondos destinados á adquisicións bibliográficas dos proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos. Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado.

No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como canceladas, e o seu acceso é libre; no andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca, comprenden máis de 208.000 volumes de monografías e máis de 2.500 títulos de revistas, das que 114 están en curso de recepción. Conta tamén con importantes bases de datos:

Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Habería que destacar a importancia da biblioteca universitaria na formación académica, concibida como un espazo de aprendizaxe e onde o estudante atopa todas as ferramentas que vai manexar durante a súa vida universitaria e unha delas é a bibliografía recomendada. Estas bibliografías están formadas por todas aquelas obras que os profesores recomentan nas guías docentes das materias de grao e máster que se imparten na facultade. A biblioteca facilitará aos alumnos o acceso aos documentos ou literatura fundamental que necesiten.

Os programas das materias para o curso 2022-2023 foron aprobados en Xunta de facultade o día 3 de xuño de 2022. A partir desta data, a biblioteca revisa estas materias e realiza unha selección de documentos de todo tipo, recomendados nas guías docentes, para proceder á adquisición das obras que non formen parte dos fondos da biblioteca, sobre todo no caso das bibliografías recomendadas.

Podemos sinalar que a cifra media de referencias bibliográficas para cada grao é:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

GRAO	REF. BIBLIOGRÁFICAS
Grao en Lingua e Lit. Españolas	3.105
Grao en Lingua e Lit. Galegas	3.010
Grao en Lingua e Lit. Inglesas	3.200
Grao en Filoloxía Clásica	3.028
Grao en Ling. e Lit. Modernas	3.120
TOTAL	15.463

GRAO DE SATISFACCIÓN CO SERVIZO DE BIBLIOTECA

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca a finais de xuño a profesores e alumnos do Centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron:

-o 81,44 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.

-o 80,85 % do alumnado opina que os recursos de información que ofrece a biblioteca ao alumnado están actualizados.

-o 84,2 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de 7 a 10 cos recursos que ofrece a Biblioteca.

-o 95,7 % dos profesores expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) cos recursos de información que proporciona a Biblioteca.

MELLORAS NO EQUIPAMENTO E INFRAESTRUCTURAS

Durante o curso 2022-2023 as melloras máis significativas (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) foron as seguintes:

-Adquisición de:

- +Deshumidificador S&P 30 litros
- +Monitor para cartelaría dixital 75". Orzamento P22/10-297
- +Transmisor extensor de vídeo
- +Material de ferraxaría para a conserxaría do centro
- +Material funxíbel informático, cabos, adaptadores, etc.
- +Subministración de móbel de estantes metálicos
- +PC gama media-alta INTEL 17 12ª xeración
- +Estantes modelo CS para a Biblioteca da Facultade
- +Soportes exposicións

-Obras e reparacións:

- +Reparación porta de acero inox. Substituír o pasador superior
- +Obra Facultade de Filoloxía sala eméritos e doutorandos
- +Obra Facultade de Filoloxía- Remodelación do primeiro andar
- +Reparación porta de entrada da facultade
- +Instalación de rosetas, cablaxe e conexións
- +Realización de traballos de pintura, protección de suelos e selado en zona de escaleiras Facultade Filoloxía

-Outros:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

+Servizo de control de pragas 2023 na Facultade de Filoloxía

PAT

No marco do PAT da Facultade de filoloxía organizáronse os seguintes eventos durante o curso 2022-2023:

- Sesión de benvinda aos estudantes de grao de novo ingreso (5/09/2022)
- Sesión de benvinda e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado)
- Actos de recepción dos estudantes entrantes participantes en programas de mobilidade (15/9/2022)
- Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (21/09/2022)
- Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG/TFM: Obradoiros (12/12/2022)
- Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (1/12/2022)
- Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (14/09/2022).
- Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca
- Sesión informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos (28/03/2023).
- Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (20/4/2023).
- Participación no Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC (Área de Orientación Laboral e Emprego).
- Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía (18, 19/4/2023)
- Encontros con alumnado de cuarto (datas defensa TFG)
- Estudantado do Plan de Acción Titorial:

+David Fernández Centeno
+Laura Pumares Rejes

Labores: Titorización do estudantado, horario de atención semanal. Participación nas xornadas de acollida na Facultade de Filoloxía.

PARTICIPACIÓN DA FACULTADE DE FILOLOXÍA NO MARCO DO PROGRAMA *A Ponte entre o ensino medio e a USC*

PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA NO PROGRAMA *CHARLAS TEMÁTICAS*

- Prof. M^a José Alonso Veloso: *La poesía barroca: Góngora y Quevedo frente a frente (con Lope de fondo)*
- Prof. María Álvarez de la Granja: *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico*
- Prof. Francisco Dubert García: *Que é a gramática?*
- Prof. Víctor Meillet Schröder: *Filoloxías con futuro – tradicionais e dixitais*
- Prof. Cristina Mourón Figueroa: *Historia británica a través do cine e a TV /British History through Films and TV Shows*
- Prof. Xulio César Sousa Fernández: *Todos falamos dialecto*

PARTICIPACIÓN DA FACULTADE NO PROGRAMA *ENCUNTROS DO ENSINO MEDIO E DA USC*

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-Encontros na Zona USC que tiveron lugar o 31 de xaneiro, 1 e 2 de febreiro de 2023 na Facultade de Filoloxía. Participación do equipo decanal, a coordinadora A Ponte, as coordinadoras dos Graos da Facultade e o estudiantado titor.

-Encontros virtuais co estudiantado de Bacharelato: Conexións telemáticas coas coordinadoras dos Graos e co estudiantado de Bacharelato para atender as súas dúbidas sobre as titulacións ofertadas na Facultade. Celebrados os días 19, 20 e 21 de Xuño de 2023.

-Participación nas **visitas aos centros educativos** para informar sobre as probas ABAU e os diferentes Graos ofertados na USC. Presentacións realizadas pola coordinadora A Ponte, Luz Zas Varela.

-STEMbach: STEMbach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital,

Proxectos defendidos no curso 2022/23:

- Profesores Ignacio M. Palacios Martínez e Paloma Núñez Pertejo: *A presenza do inglés na expresión habitual da mocidade galega*. IES Xelmírez II (Santiago)
- Profesoras María José Alonso Veloso e Arantxa Fuentes Ríos: *La interrelación entre imagen y palabra en la poesía mística en San Juan de la Cruz a la luz de su intencionalidad*. IES Rosalía de Castro (Santiago)

GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

En xeral, o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese cos recursos materiais e servizos no curso 2022-2023 foi alto.

Con respecto ao grao de satisfacción do alumnado, no informe da enquisa de satisfacción coa docencia recibida tanto a valoración dos **“Recursos didácticos empregados polo PDI”** (3,95) como a do **“Material de apoio”** (3,92) foron positivas, lixeiramente inferiores aos valores recollidos neste informe para o curso 2022-2023 (4,07 e 4,09 respectivamente) (2501099_INF.13_2022-2023). De novo, os resultados referentes aos recursos materiais e servizos do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación son máis baixos ca os anteriores, pero melloraron considerablemente os valores recollidos no curso anterior: os **recursos educativos** foron valorados cun 3,46 (2,33 en 2021-2022), **as infraestructuras e materiais dispoñibles** foron valorados cun 3,24, mellorando substancialmente o resultado do curso anterior (2,67) e o **campus virtual** obtivo un 3,19 (2,33 en 2021-2022) (2501099_INF.22_2022-2023).

No caso do PDI, practicamente todos os valores son superiores ás valoracións feitas polos estudantes:

-o PDI valorou os **“Recursos educativos”** cun 4,37, mellorando o 4,10 do informe do curso 2021-2022 (2501099_INF.23_2022-2023) e moi superior ao 3,46 (2,33 en 2021-2022) do alumnado (2501099_INF.22_2022-2023);

-o PDI valorou as **aulas e o seu equipamento** cun 4,21, mellorando tamén o valor do curso 2021-2022 que fora de 3,90 (2501099_INF.23_2022-2023), e de novo moi superior ao 3,24 (2,67 en 2021-2022) de valoración na enquisa do alumnado (2501099_INF.22_2022-2023);

-o PDI valorou o **campus virtual** cun 4,67, mellorando a valoración de 2021-2022 (4,38) (2501099_INF.23_2022-2023), de novo moi superior ao 3,68 (2,33 en 2021-2022) de valoración na enquisa do alumnado (2501099_INF.22_2022-2023).

O PDI tamén manifestou un alto grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos na Enquisa de satisfacción coa docencia impartida, onde a valoración do **“Material e servizos de apoio á docencia da universidade”** foi de 4,28, lixeiramente máis baixo que a valoración de 2021-2022 que fora 4,38 (2501099_INF.14_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

No informe da enquisa propia elaborada polo decanato da Facultade de filoloxía sobre a satisfacción das estudantes Erasmus entrantes, de novo o servizo da Facultade de filoloxía mellor valorado foi **a cafetería** (a maioría valoraron este servizo cun 5), os seguintes aspectos mellor valorados foron o **equipamento das aulas** e o **asesoramento na biblioteca** (a maioría valoráronos cun 4). A **información de conserxería** foi valorada pola maioría cun 3, o mesmo que o **servizo de reprografía**. Finalmente a **información ofrecida no decanato** foi o único aspecto que acadou algún 1 na valoración dos materiais e servizos no centro. A valoración deste último aspecto resulta un pouco sorprendente se temos en conta que o grao de satisfacción coa RAM non baixou de 3 e un importante número de enquisados valoraron este aspecto cun 4 (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2022-2023).

No informe da enquisa propia elaborada polo decanato da Facultade de filoloxía sobre a satisfacción das estudantes Erasmus saíntes, os enquisados valoraron favorablemente o acceso aos **servizos nas universidades de acollida**: o aspecto mellor valorado foi o **acceso á biblioteca** seguido polo **acceso a internet** e polo **acceso a equipamento informático**. O aspecto peor valorado foi o **equipamento das aulas**, que foi valorado cun 4 pola maioría dos enquisados. (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2022-2023).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

ACTIVIDADES ACADÉMICAS, METODOLOXÍAS DOCENTES, SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Os programas das materias (E4), suxeitos a renovación, revisión e aprobación anual como aparece reflectido nas actas das reunións da Comisión de Calidade, os Consellos de Departamento e as Xuntas de Facultade encargadas de tales labores, recollen a información relativa ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación de cada unha das materias (GLLI_E5_ACTAS CCC_2022-2023, GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS_2022-2023, GLLI_E5_ACTAS COMISIÓN TFG_2022-2023). É importante sinalar que os aspectos mellor valorados nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2022-2023 foron os relacionados coa programación das materias: o cumprimento do programa e plan de traballo previstos acadou un 4,24, o cumprimento do cronograma previsto foi valorado cun 4,15 e a explicación da programación da materia e os criterios de avaliación por parte do docente acadou un 4,10 (2501099_INF.13_2022-2023).

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

O apartado correspondente da *Memoria de Verificación* do título (Apartado 8.2: "Procedimiento general de la Universidad para valorar el progreso y los resultados del aprendizaje de los estudiantes") identifica cales son os indicadores que a titulación, e a USC no seu conxunto, emprega para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes. Tales indicadores son:

- Taxa de graduación*.
- Taxa de eficiencia*.
- Taxa de éxito*.
- Taxa de abandono do sistema universitario*.
- Taxa de interrupción dos estudos*.
- Taxa de rendemento*.
- Media de alumnos por grupo*.
- Créditos de prácticas en empresas.
- Créditos cursados por estudantes do título noutras Universidades no marco de programas de mobilidade.
- Créditos cursados por estudantes doutras Universidades no título no marco de programas de mobilidade.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- Resultados de inserción laboral.
- Resultados dos recursos humanos.
- Resultados dos recursos materiais e servizos.
- Resultados da retroalimentación dos grupos de interese (medidas de percepción e análise de incidencias).
- Resultados da mellora do SGIC. (*Memoria de Verificación*, Apartado 8.2, pp. 254-255).

Dado que os nove últimos puntos son analizados nos correspondentes apartados deste *Autoinforme de Seguimento*, prestaremos agora atención ás seis primeiras taxas, tendo en conta que a taxa de eficiencia dos titulados foi extinguida no curso 2014-2015, debido a que penalizaba os títulos cuxos alumnos se matriculaban en materias a maiores das necesarias para graduarse; no curso 2015-2016 foi substituída polo Ministerio por unha nova taxa de eficiencia (rendemento dos egresados; IN53G), complementada por dúas novas taxas: taxa de éxito dos egresados (IN50G) e taxa de idoneidade na graduación (IN51G).

-Taxa de rendemento (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon). A taxa de rendemento global do GLLI no curso 2022-2023 descendeu con respecto ao resultado do curso 2021-2022 pasando de 75,42% a 73,12%, pero aínda así mantense preto dos resultados anteriores á incidencia da COVID-19 (79,17 en 2018-2019, 78,03% en 2017-2018) (IN34G), situándose considerablemente por debaixo da media da USC (80,29%), pero só lixeiramente por debaixo da media da área (75,89%) (2501099_MedUSC_2022-2023). A titulación mellora a taxa de rendemento media da Facultade de Filoloxía (72,69%) e sitúase como a segunda (terceira en 2021-2022) mellor taxa no conxunto das cinco titulacións impartidas no centro (IN34CG). Na desagregación por cursos non se observan discrepancias importantes: a taxa varía entre o 65,47 % do primeiro curso como a máis baixa (69,1% tamén do primeiro curso en 2021-2022) e o 79,21% do cuarto curso como a máis alta (81,1% do terceiro curso en 2019-2020) (IN34G). Na desagregación por materias a taxa de rendemento máis baixa entre as materias do maior e as optativas da especialidade corresponde a *Historia e cultura dos países de fala inglesa* cun 49,30%, valor considerablemente máis baixo ca o do ano anterior (64,93%), seguida por Morfosintaxe da lingua inglesa cun 58,26% (66,97% en 2021-2022). En contraste, a materia *Introdución á literatura norteamericana*, pasou dun 40,29% en 2021-2022 a un 67,32% en 2022-2023. En xeral as taxas da maioría das materias empeoraron con respecto ao curso anterior que comezou con medidas extraordinarias para a avaliación das materias. Hai só catro materias ademais das tres anteriores que non chegaron ao 70%: *Introdución á literatura inglesa* (64,29%), *Literatura inglesa 2* (62,00%), *Fonética e fonoloxía inglesas* (65,22%) e *Sintaxe e semántica da lingua inglesa* (65,09). En contraste hai nove materias que superan o 90% na súa taxa de rendemento no curso 2022-2023. A taxa de rendemento máis alta entre as materias do Maior do GLLI de novo foi a de *Lingua Inglesa I*, que foi de 95,19% (92,38% en 2021-2022) e *Técnicas de expresión oral*, que foi de 96,67%. Entre as materias optativas de especialización a taxa de rendemento máis alta correspondeu a *Literatura inglesa e outras expresións artísticas* e *Análise de texto do inglés antigo e medio*, cun 100%, e as máis baixas foron as de *Introdución á metodoloxía da ensinanza do inglés* cun 85,71% e *Introdución ao estudo do inglés para fins académicos* cun 75,00%. A materia Tránsito de Fin de Grao tivo en 2022-2023 unha taxa lixeiramente máis baixa ca no curso 2021-2022 (57,58% fronte 59,69% en 2021-2022), pero segue mellorando o dato do curso 2018-2019 (52,94%), o curso anterior á incidencia da COVID-19. Como xa se indicou nos informes de seguimento correspondentes, a espectacular mellora na taxa de rendemento do TFG nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 podería ir ligada ao establecemento dun sistema extraordinario de avaliación por titor ademais do sistema de avaliación habitual por tribunal. A nova Normativa de tfg da Facultade de Filoloxía elaborada durante o curso 2020-2021 con entrada en vigor no curso 2021-2022 normaliza a posibilidade de escolla entre dous sistemas de avaliación (avaliación por titor e avaliación por titor+tribunal). Probablemente a mellora da taxa de rendemento na materia Tránsito de fin de grao no curso 2022-2023 con respecto á do curso 2018-2019 poida estar vinculada a esta modificación. Entre as materias que non forman parte do Maior do GLLI e non son optativas da especialidade a taxa de rendemento máis baixa foi o 0,00% de *Lingua grega 1*, e *Lingua grega 2*. En contraste 34 destas materias tiveron unha taxa de rendemento do 100% (2501099_INF.18_2022-2023).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-Taxa de éxito (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron). A taxa de éxito no curso 2022-2023 foi 83,21%, de novo algo máis baixa que a taxa de 2021-2022 (85,60%), e polo tanto lixeiramente por debaixo da taxa de 2018-2019 (87,85%) e de 2017-2018 (87,27%) (IN35G), tamén lixeiramente por debaixo da taxa media da USC, que foi 87,67% e da media da área, que foi 87,24% (2501099_MedUSC_2022-2023). Aínda así, a taxa de éxito do GLLI é a segunda mellor entre as taxas de éxito dos graos impartidos na Facultade de Filoloxía, só por debaixo do Grao en lingua e literatura españolas (90,33%) e moi preto da media do centro (84,12) (IN35CG). Na desagregación por cursos a taxa de éxito máis baixa corresponde de novo ao primeiro curso (72,96%) (78,94% tamén no primeiro curso en 2021-2022); no resto dos cursos a taxa é considerablemente máis alta: 83,98% en segundo, 87,11% en terceiro e 91,73% en cuarto (IN35G). Nos datos desagregados por materias obsérvase que entre as materias da área de Filoloxía Inglesa, ningunha taxa de éxito baixa do 70% en 2020-2021 agás *Historia e cultura dos países de fala inglesa*, cun 53,03% (70,16% en 2021-2022) e *Morfosintaxe da lingua inglesa* cun 67,68% e só seis baixan do 80%: *Lingua inglesa 3* cun 79,12% (84,44% en 2021-2022), *Introdución á literatura norteamericana* cun 78,63% (49,56% en 2021-2022), *Introdución á literatura inglesa* cun 76,92% (83,17% en 2021-2022), *Fonética e fonoloxía inglesas* cun 76,54% (72,04% en 2021-2022), *Sintaxe e semántica da lingua inglesa* cun 75,82% (75,93% en 2021-2022) e *Literatura inglesa 2* cun 72,09% (86,21% en 2021-2022). Seis das materias da área de Filoloxía Inglesa obteñen unha taxa do 100%, as seis son materias optativas da modalidade Maior plus impartidas en terceiro e cuarto. Entre as materias doutras áreas cursadas como parte dos módulos básico, complementario ou optativo do Minor, a taxa de éxito máis baixa foi o 0,00% de *Lingua grega 1*; 44 (54 en 2019-2020 e 50 foron as materias doutras áreas nas que se acadou unha taxa de éxito do 100% (2501099_INF.17_2022-2023).

-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou). No curso 2022-2023 esta taxa descendeu lixeiramente pasando de 92,68% en 2021-2022 a 89,32%, valor que resulta superior ao acadado no curso 2020-2021 (87,26%) (IN53G).

-Taxa de éxito dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou). Esta taxa experimentou en 2022-2023 un lixeiro descenso pasando de 95,21% en 2021-2022 a 92,68%, valor que aínda supera a taxa anterior á incidencia da COVID-19 que fora 88,92% en 2018-2019 (IN50G). Esta taxa sitúase en segundo lugar na comparativa co resto das titulacións da Facultade de Filoloxía e é practicamente idéntica á media do centro (92,72%) (IN50CG)

-Taxa de idoneidade na graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. A mosca información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica). Esta taxa descendeu pasando de 50,59% en 2021-2022 a 39,80% en 2022-2023, pero mantense moi por encima dos valores anteriores, incluso dos valores anteriores á incidencia da COVID-19 (37,63% en 2018-2019 e 19,42% en 2017-2018) (IN51G). Por este motivo, o GLLI pasa a ter a segunda mellor taxa de idoneidade entre os graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN51CG).

-Taxa de abandono

+Taxa de abandono durante o primeiro curso (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X). A taxa de abandono durante o primeiro curso en 2022-2023 aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior pasando de 8,16% en 2021-2022 a 11,49%, aínda que segue a ser inferior ca no curso anterior á incidencia da COVID-19 (15,38% en 2018-2019). En números absolutos isto supuxo que abandonaron 10 estudantes (dunha cohorte de 87; en 2021-2022 fixéranos 8 estudantes dunha cohorte de 98) (IN40G). Esta taxa mellora substancialmente o resultado da media

Grao en Lingua e Literatura inglesas

da USC (16,40%) e a media na área de artes e humanidades (15,05%) (2501099_MedUSC_2022-2023). Ademais segue a ser con diferenza a máis baixa xunto coa taxa do GLE (11,32%) entre as titulacións da Facultade de Filoloxía e moi inferior á media do centro (20,00%) (IN40CG). Probablemente este bo resultado é debido ao alto número de estudantes que acceden á titulación como a súa primeira opción, o que corrobora a capacidade de captación de estudantes, o atractivo e a vixencia da titulación, como xa se argumentou no CRITERIO 1.1.

+Taxa de abandono RD 1393/2007 (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior). Como no caso anterior, esta superou lixeiramente a taxa do curso 2021-2022, pasando de 12,94% a 15,29% (IN41G), pero seguiu mellorando considerablemente a taxa dos cursos anteriores á incidencia da COVID-19 (27,96% en 2018-2019 e 29,13 en 2017-2018), e manténdose por debaixo das estimacións propostas na *Memoria de Verificación* da titulación renovadas seguindo indicacións da ACSUG durante o curso 2017-2018 (a previsión orixinal amosada na *Memoria de Verificación* baseada nos datos da antiga licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 20% (Anexos: Apartado 8, p. 203), pero tal previsión foi axustada ao 25% seguindo a suxestión de actualizar estes datos proposta pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (GLLI_E2_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria_2017-2018). En números absolutos, o ascenso supuxo que en 2022-2023 se computou o abandono de 2 estudantes máis ca en 2021-2022: en 2022-2023 abandonaron os estudos 13 estudantes dunha cohorte de 85 estudantes, en 2021-2022 fixérono tan só 11 dunha cohorte de 85. DE novo a do GLLI xunto coa do GLE (13,04%) son con diferenza as taxas de abandono máis baixas entre as titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN41CG). A taxa de abandono do GLLI é ademais considerablemente mellor que a media da área de artes e humanidades (26,47%) e que a media da USC (20,63%).

-Duración media dos estudos (Duración media, en anos, na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos). A duración media dos estudos descendeu pasando de 5,49 en 2021-2022 a 4,73 en 2022-2023 (IN38G). A duración media é moi similar á media na USC (4,75) (2501099_MedUSC_2020-2021), e na área de artes e humanidades (4,65) (IN38G). O dato do GLLI está lixeiramente por encima da media das titulacións impartidas na Facultade de filoloxía (4,64) (IN38CG).

-Taxa de graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso). A taxa de graduación situouse no curso 2022-2023 no 63,53%, o que supón un lixeiro descenso con respecto ao curso anterior, cando esta taxa foi do 65,88% (2021-2022), pero unha mellora considerable con respecto ao curso anterior á incidencia da COVID-19, cando este dato foi do 50,54% (2018-2019) (IN37G). O resultado de 2022-2023 supera tamén folgadoamente a media da área de artes e humanidades (49,38%) e tamén a media da USC (61,27%) e sitúase por encima da estimación formulada na *Memoria de Verificación* despois do proceso de actualización dos datos suxerido pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (45%); orixinaríamente, a estimación baseada nos datos da licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 40%. O valor desta taxa do GLLI supera o do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, e polo tanto a media da facultade (50,19%) (IN37CG). En números absolutos, esta taxa de graduación supón que no curso 2020-2021 se graduaron 54 estudantes dunha cohorte de 85 (2 estudantes menos que no curso 2021-22, cando a cohorte tamén era de 85 estudantes) (IN37G). Como xa indicamos no *Informe de seguimiento 2017-2018*, "cómpre puntualizar que dado que esta taxa só computa aqueles estudantes que se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1, o resto dos estudantes graduados, é dicir os que non se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1 non computan a efectos desta taxa" (p. 33). Para completar a información ofrecida por esta taxa cómpre polo tanto indicar que foron 76 os estudantes que realmente se graduaron durante o curso 2022-2023 segundo se desprende do Informe acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, segundo o cal 15 estudantes obtiveron un aprobado, 39 notable, 16 sobresaínte e

Grao en Lingua e Literatura inglesas

6 Matrícula de honra na materia Traballo de Fin de Grao, que determina a obtención do título de graduado (2501099_INF.15_2022-2023). Dado que a taxa de graduación só computa a 54 estudantes, os 22 graduados restantes non reflicten positivamente como tales nos resultados da titulación, pero probablemente si o fan negativamente nos cómputos das taxas de rendemento e éxito dos egresados e no cómputo da duración dos estudos. Esta situación non afecta só ao GLLI, pero debería de terse en conta polo menos a existencia deste contraste entre a taxa de graduación vixente e o número real de graduados para obter unha información máis completa.

-Taxa de avaliación (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados). A taxa de avaliación no curso 2022-2023 descendeu moi lixeiramente con respecto ao curso 2021-2022, pasando de 88,11% a 87,86%, resultando así lixeiramente por debaixo da media da USC (91,58%), e moi similar á media da área (87,00%) (IN36G; 2501099_MedUSC_2022-2023). É a segunda taxa máis alta entre as das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía e mantense por encima da media da facultade (86,42%) (IN36CG). Este lixeiro descenso pode explicar só en certa medida o descenso que afecta tamén á taxa de rendemento. Aínda así, o descenso da taxa de avaliación é moito máis lixeiro que o descenso nas taxas de rendemento e de éxito, o que parece indicar que houbo un aumento no número de créditos presentados pero non superados, é dicir, no número de créditos suspensos. Nos datos desagregados por cursos segue a observarse que, coma nos cursos anteriores, a taxa de avaliación máis baixa en 2022-2023 corresponde a cuarto curso (86,36%), probablemente como consecuencia do requisito de ter aprobadas o resto das materias para poder defender o TFG, o que motiva que todos aqueles estudantes que si cumprían os requisitos para matricularse no TFG pero non conseguiron aprobar todas as materias non poidan defendelo (Artigos 4.2 e 4.4 do Regulamento TFG e TFM da USC). De feito, na desagregación por materias, a taxa de avaliación máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa corresponde á materia Traballo de Fin de Grao (60,61%, lixeiramente máis baixa que a taxa de 2021-2022 que fora de 61,24%, pero aínda así superior á taxa do curso 2018-2019, 56,62%). Maníftase así, de novo, a negativa incidencia deste aspecto da Normativa de Permanencia da USC na dinámica académica. O resto das materias da área de Filoloxía Inglesa superaron o 80,00%. Cinco materias optativas da modalidade Maior plus obteñen un 100% na taxa de avaliación. Entre as materias básicas doutras áreas de coñecemento, *Lingua latina 2* ten a taxa de avaliación máis baixa cun 66,671%. Do resto destas materias, tres acadaron unha taxa de 100%. Entre as materias dos módulos complementario e optativo do Minor, a taxa máis baixa correspondeu a *Teorías literarias contemporáneas* cun 55,56%. Entre estas materias, foron 36 as que acadaron unha taxa do 100% (2501099_INF.19_2020-2021).

Tendo en conta estes resultados, podemos afirmar que se teñen acadado os resultados da aprendizaxe previstos na *Memoria de Verificación* e adecuados ao nivel MECES, algo que foi posible grazas á contribución decisiva das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións. Así o suxiren os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción:

-No caso da enquisa de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, os estudantes valoraron moi positivamente aspectos relacionados non só cos resultados da aprendizaxe, senón tamén cos resultados do programa formativo e o cumprimento da programación:

- o aspecto **“Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia”** foi valorado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida cun 4,15. O aspecto **“Cumpre co programa e o plan de traballo previsto”** foi valorado cun 4,24. Os aspectos **“Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”** e **“Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”** foron valorados no curso 2022-2023 cun 4,10 e 3,81 respectivamente, ambos valores lixeiramente inferiores aos do curso 2021-2022 (2501099_INF.13_2022-2023);
- o ítem **“Motiva a participación crítica e activa”** obtivo en 2022-2023 unha valoración de 3,83 (4,06 en 2021-2022), moi lixeiramente inferior ao valor do último curso anterior á incidencia da COVID_19 (3,97)

Grao en Lingua e Literatura inglesas

(2501099_INF.13_2022-2023). Este aspecto está directamente relacionado co descriptor 2b dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2, no que se sitúan os estudos de grao segundo o artigo 6 “Nivel de grao”, apartado 2 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificaciónes para la Educación Superior, publicado en BOE, 3 de agosto de 2011 (de aquí en adiante citado como art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras” (p. 87915);

● o ítem “**Organiza ben as clases e explica con claridade favorecendo a comprensión da materia**” acadou en 2022-2023 unha valoración de 3,83 lixeiramente inferior ao valor do curso 2021-2022, que foi de 4,06, e practicamente o mesmo que o valor do curso 2018-2019, que foi de 3,95 (2501099_INF.13_2022-2023).

O ítem “Propone actividades para favorecer mi aprendizaje autónomo” obtivo en 2022-2023 unha valoración de 3,69, lixeiramente máis baixa que a valoración obtida en 2021-2022: 3,89. (2501099_INF. 13_2022-2023). Este aspecto está directamente relacionado cos descritores 2c e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (Art. 6.2 RD 1027/2011): “c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio; d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915).

-Os resultados da enquisa de satisfacción dos egresados serven de novo para confirmar o nivel de cumprimento dos criterios MECES, dado que este ano tal informe volve amosar resultados concretos para o GLLI, non só os resultados globais da USC sen desglosar os resultados por titulación, como ocorreu nos dous cursos anteriores:

+A contribución da titulación á “**Capacidade de análise**” foi valorada en 2022-2023 cun 4,40 fronte ao 3,67 de media global na USC Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2a, 2b, 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (Art. 6.2 RD 1027/2011): “a) haber adquirido conocimientos avanzados y demostrado una comprensión de los aspectos teóricos y prácticos y de la metodología de trabajo en su campo de estudio con una profundidad que llegue hasta la vanguardia del conocimiento; b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras; c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915). Esta capacidade tamén está indirectamente relacionada con el descriptor 2f de los que definen las características de las cualificaciones del nivel MECES 2 (Art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915).

+A contribución da titulación á “**capacidade de planificación, coordinación e organización**” foi valorada en 2022-2023 cun 4,20, considerablemente superior ao 3,30 de media global na USC (2501099_INF.09_2ºS_2022-2023). Esta capacidade está indirectamente relacionada co descriptor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (Art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915).

+A contribución da titulación á “**creatividade**” foi valorada cun 3,30 en 2022-2023, considerablemente superior á

Grao en Lingua e Literatura inglesas

media da USC (2,56) (2501099_INF.09_2ºS_2022-2023). Estas capacidades poderían estar directamente relacionadas cos descritores 2b e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (Art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimentos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915).

-As respostas obtidas nas enquisas realizadas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2022-2023 amosan resultados similares aos anteriores con respecto á valoración das competencias adquiridas a través da realización deste traballo. Con respecto á contribución da titulación á adquisición das competencias xerais especificadas na *Memoria de Verificación*:

+A contribución ao “**Desenvolvemento do plurilingüismo e da conciencia intercultural global compatible coa identidade local**” é o aspecto mellor avaliado;

+a contribución da titulación ao “**Desenvolvemento da sensibilidade estética, da conciencia histórica e da capacidade creativa a través do coñecemento e valoración da literatura, a cultura e a civilización anglosaxona**” recibiu a máxima valoración 5 por parte da maioría dos enquisados, seguida polo número de estudantes que deron unha valoración de 4. Esta capacidade podería estar directamente relacionada cos descritores 2b dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimentos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;

+a contribución da titulación á “**Capacidade de interpretar e expresar con claridade e precisión datos e argumentacións**” obtivo unha valoración maioritaria de 4, seguida polo número de enquisados que valoraron este aspecto cun 5. Esta capacidade podería estar directamente relacionada co descriptor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915).

+As valoracións maioritarias da contribución da titulación á “**Capacidade de imaxinar e desenvolver proxectos individuais e colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico**” .foron 4 e 5 case por igual, Esta capacidade podería estar directamente relacionada cos descritores 2b, 2d e 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimentos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio; e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915).

+A valoración da contribución da titulación á “**Conciencia e xestión eficaz de capacidades e estratexias propias...**” foi practicamente idéntica á valoración do aspecto anterior. Esta capacidade está indirectamente relacionada co descriptor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915).

Grao en Lingua e Literatura inglesas

+A valoración maioritaria da contribución da titulación á **“Utilización da lingua inglesa como medio oral e escrito (nivel C2)”** foi 5, neste caso seguida pola valoración 2.

+A contribución da titulación á **“Análise crítica da realidade sociocultural xeral e dos países de fala inglesa en particular”** obtivo unha valoración maioritaria de 5, seguida moi preto pola valoración 4. Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2a e 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “a) haber adquirido conocimientos avanzados y demostrado una comprensión de los aspectos teóricos y prácticos y de la metodología de trabajo en su campo de estudio con una profundidad que llegue hasta la vanguardia del conocimiento; ...; c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915).

+A contribución da titulación ao **“Tratamento de información nunha segunda lingua (nivel B2) así como da súa literatura e cultura”** obtivo unha valoración maioritaria de 5, seguido moi preto pola valoración 4.

+A contribución da titulación á **“Habilidade para buscar, obter e procesar información...”** obtivo unha valoración maioritaria de 4 seguida moi preto pola valoración 4. Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915).

Con respecto ás competencias específicas mencionadas na *Memoria de verificación*, as valoracións foron as seguintes:

+A contribución da titulación á **“Capacidade para situar a produción literaria dos países de fala inglesa no contexto social, cultural e político no que foi escrita”** foi maioritariamente valorada cun 4, seguido pola valoración de 5.

+A contribución da titulación ao **“Coñecemento dos acontecementos históricos e das características culturais que condicionaron e condicionan o desenvolvemento da lingua e a produción literaria en lingua inglesa”**, foi maioritariamente valorada cun 5, seguido pola valoración de 4.

+A contribución da titulación á **“Capacidade de utilizar a lingua inglesa ao nivel C2 correspondente ao Marco Común Europeo de Referencia, nos rexistros oral e escrito”**, foi maioritariamente valorada cun 5, seguido da valoración de 4. Neste caso houbo un número de enquisados relativamente maior que nos outros aspectos que optaron pola valoración 2.

+A contribución da titulación á **“Capacidade de describir de maneira especializada a lingua inglesa, nos distintos niveis de análise lingüística”** foi valorada maioritariamente cun 5 e 4. (GLLI_I4_Informe Satisfacción TFG_2022-2023).

-No informe da enquisa de elaboración propia sobre a satisfacción dos estudantes Erasmus entrantes, os enquisados fixeron as seguintes valoracións:

+A **relevancia da orientación práctica e a aplicación a problemas na USC** foi maioritariamente valorada cun 3, seguido da valoración 4: o número de enquisados que optaron polas valoracións 5 e 2 resultou moi igualado. Esta capacidade podería estar directamente relacionada cos descritores 2b e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones

Grao en Lingua e Literatura inglesas

complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915);

+A **relevancia da aprendizaxe autónoma** na USC foi o aspecto peor valorado dado que foi o que obtivo máis valoración 1 e 2, aínda que a valoración maioritaria foi 3 e tamén houbo enquisados que optaron polas valoracións 4 e 5. Esta capacidade está indirectamente relacionada co descritor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915);

+A **relevancia da capacidade de redacción de textos e a exposición pública** obtivo unha valoración maioritaria de 2, seguida moi preto pola valoración 3. Tamén nesta ocasión houbo enquisados que optaron polo 4 e o 5. Esta capacidade podería estar directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);

+A **relevancia do traballo en grupo** na USC obtivo unha valoración moi maioritaria de 4;

+A **relevancia da avaliación continua** na USC foi valorada cun 3 e un 4 por un número similar de enquisados, seguidos polas valoracións 2 e 5 que escollidas por un número similar de enquisados (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTES_2022-2023).

SEGUIMIENTO DOS RESULTADOS

Como se pode observar tanto nos sucesivos *Informes de Seguimento* da titulación coma nos *Informes de Renovación da Acreditación* do GLLI de 2015-2016 e 2021-2022, os indicadores dos resultados da aprendizaxe son escrupulosamente analizados anualmente e tidos en conta nun intento constante de perfeccionar o plan de estudos da titulación (para un seguimento dos resultados anteriores ao curso 2016-2017, véxase IRA GLLI 2015-2016 pp. 52-53; para o seguimento dos resultados entre 2016-2017 e 2021-2022, véxase IRA GLLI 2021-2022, pp. 103-104). A reflexión incluída no epígrafe anterior “Resultados da aprendizaxe” do presente *Autoinforme de Seguimento* é proba do proceso de cumprimento dos compromisos acerca das taxas de resultado establecidos no documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas*. A evolución das taxas de resultados no curso 2022-2023 confirma os efectos das medidas tomadas en cursos anteriores froito do seu seguimento.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INDICADORES DE DEMANDA

Como xa se observou no CRITERIO 1.1 ao analizar o interese académico e a actualización da titulación, e no CRITERIO 1.4 ao analizar o perfil de ingreso, os indicadores de demanda da titulación seguen unha liña tendente á estabilización, e son incluso máis altos que os manifestados nas expectativas fixadas na *Memoria de Verificación*. Neste senso os indicadores amosan, por tanto, datos maioritariamente positivos:

- Número de prazas ofertadas: como se vén facendo desde o curso 2011-2012, no que entrou en vigor a limitación de prazas do GLLI (vid. *Informe de Seguimento* 2010-2011, pp. 16, 21), o número de prazas ofertadas no curso 2022-2023 foi de 100 (IN01G). A evolución positiva nos resultados da titulación confirma o acertado desta limitación. Se temos en conta que foron 121 os alumnos que solicitaron esta titulación como primeira opción (116 en 2021-2022) e 100 (96 en 2021-2022) deles finalmente se matricularon, a oferta parece en xeral adecuada á demanda (2501099_INF.CIUG_2022-2023).

- Matrícula: o número de estudantes matriculados no GLLI descendeu lixeiramente no curso 2022-2023, pasando de 474 en 2021-2022 a 462 en 2022-2023 (IN02G). Obsérvase unha evidente e lóxica tendencia á estabilidade no número de matriculados.

- Matrícula de acceso e matrícula de novo ingreso por preinscrición: como consecuencia da limitación de prazas, tanto a matrícula de acceso como a de novo ingreso por preinscrición mantívose próxima a 100: a matrícula de acceso en 2022-2023 foi de 112 estudantes, dous máis ca en 2021-2022 (IN03G), e a matrícula de novo ingreso por preinscrición foi loxicamente un pouco máis baixa, situándose en 106 estudantes, tres menos ca no curso 2021-2022 (IN04G). Os datos seguen por tanto a confirmar que a demanda xustifica a oferta de prazas.

- Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición: este indicador extinguiuse no curso 2021-2022 (IN05G).

- Notas de acceso: a nota media de acceso descendeu moi lixeiramente no curso 2022-2023, pasando de 10,26 en 2021-2022 a 10,07, de xeito que se mantén por encima do 10,00 (IN06G) (10,076 foi a nota media dos alumnos procedentes de bacharelato e 7,683 foi a nota media dos alumnos procedentes de Formación Profesional) (2501099_INF.CIUG_2022-2023). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con nota superior a 6 mantívose no 100% (IN07G). A nota de corte xeral situouse no 6,560 (2501099_INF.CIUG_2022-2023). Estes datos suxiren unha evidente mellora no nivel académico do perfil de ingreso real, como sinalamos nos CRITERIOS 1.1 e

Grao en Lingua e Literatura inglesas

1.4, e parecen tamén confirmar a existencia dunha demanda constante de admisión na titulación, dado que o nivel académico de acceso foi incrementándose nos últimos anos, aínda que tende á estabilidade. De feito, só un dos alumnos matriculados por preinscrición no curso 2022-2023 tiña unha nota inferior a 7 (2501099_INF.CIUG_2022-2023).

- Porcentaxe de estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia: a titulación mantén un moderado nivel de demanda entre estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia, como suxire a evolución destas porcentaxes. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados en 2022-2023 foi de 2,60% lixeiramente superior á do curso 2021-2022 que fora de 2,11% (IN08G), mentres que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados foi de 1,52%, tamén lixeiramente por encima da porcentaxe de 2021-2022, que fora 0,84% (IN09G). Como xa suxerimos no apartado 1.1, entre os alumnos procedentes de Galicia é interesante subliñar a alta demanda asociada a poboacións máis próximas a outros centros universitarios onde se ofrecen estudos similares á titulación de GLLI (2501099_INF.16_2022-2023).

- Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas en 2022-2023 foi a máis alta dos últimos anos, 97%, o que segue a corroborar o alto nivel de demanda da titulación: este dato mellora o do curso 2021-2022, que fora 94% (IN10G). O feito de que o número de solicitudes en primeira opción sexa o máis alto e o número vaia progresivamente decrecendo nas solicitudes en segunda, terceira, etc. opción corrobora tamén o atractivo e o índice de demanda da titulación (2501099_INF.CIUG_2022-2023). O Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro curso na sesión de benvinda na Facultade de Filoloxía indica que dun total de 106 respostas 23 (22%) estarían interesados en cursar o GLLI ademais do grao no que están matriculados (neste resultado hai que ter en conta que sendo a titulación maioritaria en número de alumnos da Facultade de Filoloxía, seguramente moitos dos enquisados eran xa alumnos desta titulación, de xeito que non podían escollela como posible segunda titulación) (GLLI_E3_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2022-2023).

- Taxa de ocupación: a taxa de ocupación descendeu moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 109% en 2021-2022 a 106% en 2022-2023 (IN12G).

RESULTADOS

Como xa foi manifestado e analizado no CRITERIO 6.1, os indicadores de resultados en xeral melloraron ou se estabilizaron con respecto ao último curso anterior á crise da COVID-19, e en xeral, concordan coas expectativas expresadas na *Memoria de Verificación*:

- a taxa de rendemento descendeu con respecto ao curso anterior, pasando de 75,42% a 73,12%, o que supón o rexistro máis baixo dos últimos anos (IN34G), estando por debaixo da media da USC (80,29%) pero preto da media da área (75,89%) (2501099_MedUSC_2022-2023). Haberá que prestar especial atención á evolución desta taxa nos vindeiros cursos, dado que condiciona outras taxas, como a taxa de éxito;

- como era esperable, a taxa de éxito experimentou un descenso similar ao da taxa de rendemento no curso 2022-2023, pasando de 85,60% en 2021-2022 a 83,21% (IN35G), resultando tamén máis baixa que a media da USC (87,67%) e que a media da área (87,24%) (2501099_MedUSC_2022-2023);

- a taxa de avaliación pasou de 88,11% en 2021-2022 a 87,86 en 2022-2023, de xeito que descendeu tamén pero moi lixeiramente (IN36G), situándose por debaixo da media da USC, que foi de 91,58%, pero lixeiramente por encima da media da área, que foi de 87,00% (2501099_MedUSC_2022-2023);

- a taxa de graduación tamén descendeu pasando de 65,88% en 2021-2022 a 63,53%, pero aínda así resultou moi superior ás taxas rexistradas nos cursos anteriores á incidencia da COVID-19 (42,72% en 2017-2018 a 50,54% en

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2018-2019) (IN37G) superando a media da USC, que foi de 61,27%, e a media da área, que foi de 49,38% (2501099_MedUSC_2022-2023). Supoñemos que os descenso nas taxas de rendemento e éxito non teñen polo tanto repercutido aínda na taxa de graduación;

- a taxa de abandono durante o primeiro curso ascendeu considerablemente no curso 2022-2023, pasando de 8,16% en 2021-2022 a 11,49% en 2022-2023, pero segue a ser inferior á taxa rexistrada no último curso anterior á incidencia da COVID-19 (15,28 en 2018-2019) (IN40G) mellorando substancialmente a media da USC, que foi de 15,05%, e a media da área, que foi de 16,40% (2501099_MedUSC_2022-2023);

- a taxa de abandono RD 1393/2007 aumentou no curso 2022-2023 pasando de 12,94% en 2021-2022 a 15,29% en 2022-2023, pero aínda así mantense por debaixo dos valores dos cursos anteriores á incidencia da COVID-19: 29,13% en 2017-2018 a 27,96% en 2018-2019 (IN41G). Esta taxa tamén mellora a media da USC, que foi de 20,63%, e a media da área, que foi de 26,47% (2501099_MedUSC_2022-2023);

- a duración media dos estudos aumentou moi lixeiramente en 2022-2023 e pasou de 4,49 en 2021-2022 a 4,73, manténdose moi similar ao dato do último curso anterior á incidencia da COVID-19 (4,69 en 2018-2019) (IN38G), mellorando así a media da USC, que foi de 4,75, e sendo moi similar á media da área, que foi de 4,65 (2501099_MedUSC_2022-2123).

No CRITERIO 6.1 inclúese unha análise máis exhaustiva dos indicadores de resultados da aprendizaxe desagregados por cursos e materias cando é preciso.

INDICADORES DE RESULTADOS E ACCIÓNS DE MELLORA

Estes resultados son tidos en conta á hora de mellorar a posta en práctica do plan de estudos. Durante o curso 2022-2023 varias das taxas descenderon con respecto ao curso anterior, aínda que tal descenso se modera se comparamos os datos cos do curso 2018-2019, o último curso anterior á incidencia da COVID-19. Por este motivo, non se considera necesario establecer accións de mellora, pero si se recomenda prestar especial atención á evolución destas taxas nos vindeiros cursos por se se chegara a considerar necesario establecer accións de mellora no futuro.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida descendeu case imperceptiblemente con respecto ao curso anterior, pasando de 4,14 en 2021-2022 a 3,89 en 2022-2023 (IN46G), de xeito que este valor non supón variacións importantes con respecto aos cursos anteriores nos que este indicador variou entre o 3,83 en 2014-2015 e o 4,14 de 2021-2022. Con respecto ao informe do curso 2022-2023, os resultados son similares aínda que un pouco máis discretos ca no curso anterior. Cinco aspectos superan a valoración de 4: o **cumprimento da programación docente** foi o aspecto mellor valorado cun 4,24 (4,51 en 2021-2022), seguido moi preto por **“Resolve as dúbidas que se lle formulan”** valorado cun 4,17 (4,34 en 2021-2022) e **“Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia”** que obtivo un 4,15 (4,47 en 2021-2022). Dous aspectos acadaron unha valoración de 4,10: **“O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación”** (4,34 en 2021-2022) e a **axuda recibida nas titorías** (4,18 en 2021-2022). Moi preto do 5 sitúanse seis ítems. Dous deles foron valorados cun 3,95 en 2022-2023, o **material**

Grao en Lingua e Literatura inglesas

de apoio para a preparación da materia (4,07 en 2021-2022) e a actitude receptiva (4,20 en 2021-2022); “Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia” obtiveron un 3,92 (4,09 en 2021-2022); dous ítems foron valorados cun 3,83, , “O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia” (4,06 en 2021-2022) e “O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase” (4,06 en 2021-2022); finalmente “Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos” obtivo un 3,81 (4,13 en 2021-2022). Algo máis distante do 4 está a valoración da **satisfacción global co/a docente** 3,77 en 2022-2023 (4,06 en 2021-2022), a valoración do aspecto “**A/O docente mellorou o meu nivel de partida na materia**”, que foi 3,71 en 2022-2023 (3,95 en 2021-2022), a valoración do ítem “**O/A docente propón actividades que favorecen a niña aprendizaxe autónoma**”, que foi 3,69 en 2022-2023 (3,89 en 2021-2022). Os dous aspectos peor valorados foron “**Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación**” e “**O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos**” que en 2022-2023 obtiveron un 3,64 (3,96 en 2021-2022) e un 3,57 (3,91 en 2021-2022) respectivamente. Aínda que estas dúas valoracións son positivas, o feito de que sexan os aspectos peor valorados parece indicar que o alumnado percibe certa falta de atractivo nas clases presenciais probablemente asociado ao feito de que en moitas materias contan cunha elevada cantidade de material nas aulas virtuais, o que pode levar a algúns deles a considerar erroneamente as sesións de clase pouco útiles. Se esta valoración descende en vindeiros cursos quizá debería de iniciarse un proceso de reflexión sobre o uso máis idóneo das aulas virtuais. Como en cursos anteriores, cómpre salientar as boas valoracións dos aspectos que se refiren ao cumprimento da programación docente e, especialmente, os que se refiren á boa relación establecida entre docentes e alumnado, o que subliña a boa saúde das relacións entre estes dous grupos de interese no caso do GLLI.

A taxa de resposta en 2022-2023 descendeu dun xeito bastante contundente con respecto ao curso 2021-2022 pasando de 29,4% a 18,35% (nos cursos anteriores a participación fora moi superior: 43,75% en 2017-2018 e 47,29% en 2018-2019) (IN48G). No curso 2022-2023 mantivéronse as Accións de Mellora consolidadas como boas prácticas dirixidas a promover a participación nestas enquisas, segundo o compromiso establecido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y literatura inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* (pp. 7-8) (GLLI_E2_Informe-de-alegacions-e-plan-de-melloras (2017)_2022-2023). Ademais, no documento Plan de mejoras resultante del Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación GLLI 2021-2022 se propuxo como acción de mellora (AM-04, Curso 2023-2024) lembrar ao PDI a idoneidade de deixar uns minutos durante algunha das sesións presenciais na última semana de clases para permitir que o estudiantado responda á enquisa de satisfacción coa docencia recibida (GLLI_E2_Plan de melloras resultante Informe provisional evaluación para la renovación de la acreditación GLLI_2022-2023).

Os alumnos do GLLI que defenderon o seu TFG no curso 2022-2023 amosaron un alto grao de **satisfacción coa relación establecida cos títulos do TFG**: unha importante maioría valoraron este aspecto cun 5, sendo 4 a seguinte valoración máis numerosa. Tamén valoraron positivamente o seu grao de **satisfacción global coa realización do TFG** (unha importante maioría optou pola valoración 4, seguida a certa distancia polo número de enquisados que optaron pola valoración 5, un número similar aos que optaron pola valoración 2), co **sistema de avaliación empregado** (unha maioría optaron pola valoración 4 seguida polo número de enquisados que optaron polas valoracións 5 e 2) e coa **información recibida sobre o TFG** (a maioría optaron pola valoración 4, case en igual número que a valoración 3, ambas seguidas desde lonxe polas valoracións 2 e 5). No curso 2022-2023 a maioría dos enquisados valoraron cun 4 a “**Utilidade da información administrativa recollida na web**”, mentras que as “**Xornadas informativas**” foron valoradas cun 3, 4 e 5 por un número similar dos enquisados. A valoración da satisfacción manifestada polos estudantes nesta enquisa con respecto ás competencias adquiridas foi analizada no CRITERIO 6.1 (GLLI_I4_Informe Satisfacción TFG_2022-2023).

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN

A porcentaxe de participación do alumnado nesta enquisa aumentou considerablemente con respecto ao curso anterior pasando de 0,94% en 2021-2022 a 11,64% en 2022-2023, unha porcentaxe superior incluso ao 10,48% de 2019-2020,

Grao en Lingua e Literatura inglesas

a máis alta dos últimos anos. A taxa segue a ser baixa o que non permite garantir a representatividade dos resultados, pero se rexistra unha mellora evidente que pode indicar un éxito relativo das accións de mellora levadas a cabo nos últimos anos a este respecto. Os valores máis baixos son de novo os acadados nos aspectos referentes á **distribución da carga de traballo** (2,56 en 2022-2023 fronte a 1 en 2021-2022), a **orientación profesional e laboral** (2,49 en 2022-2023 fronte a 1,33 en 2021-2022), o **calendario de probas de avaliación** (2,49 en 2022-2023 fronte a 1,67 en 2021-2022), e a **oferta de prácticas** (2,57 en 2022-2023 fronte a 1,33 en 2021-2022). Neste sentido cómpre indicar:

-con respecto á carga de traballo: no plan de estudos o número de créditos está distribuído equitativamente en cada cuatrimestre de cada curso. Para intentar mellorar a distribución da carga de traballo propuxéramos no *Informe de seguimento 2019-2020* unha acción de mellora consistente na comunicación por parte dos coordinadores de curso a cada profesor da idoneidade de comunicar ao alumnado as datas de entregas de traballos, probas, etc de avaliación continua coa máxima antelación posible. Aínda que a efectividade desta acción de mellora foi limitada tendo en conta os resultados da enquisa de satisfacción coa titulación 2020-2021, desde a coordinación insistiremos neste medida;

-con respecto á orientación laboral: tanto o centro como a USC organizan actividades de orientación laboral, como xa se indicou no CRITERIO 5. Durante o curso 2022-2023 púxose en marcha un programa estable de encontros con profesionais egresados da facultade de acordo coa AM-06 Curso 2022-2023. Tamén se puxo en marcha a creación dun espazo na aula virtual de coordinación adicado á orientación laboral e empregabilidade, no que se colgou a información recibida na coordinación do GLLI sobre este aspecto, xunto co Boletín de Información Profesional elaborado mensualmente pola Vicerreitoría de igualdade, cultura e servizos;

-con respecto á oferta de prácticas externas: todos os anos quedan prazas sen cubrir, de xeito que no caso do GLLI a oferta segue a superar a demanda, e desde a facultade se segue a traballar na mellora desta oferta, como se pon de manifesto na acción de mellora 09 asociada ao *Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI 2021-2022* (AM-09, Curso 2023-2024), que buscaba incentivar a participación no programa de prácticas externas.

-con respecto ao calendario de avaliación: a flexibilidade ofrecida polos plans de estudos da Facultade de filoloxía e o número de alumnos do GLLI dificultan a elaboración do calendario de avaliación, de xeito que este só podería mellorar reducindo a flexibilidade ou o número de alumnos.

En xeral, en 2022-2023 todos os aspectos melloraron a súa valoración, aínda que a mellora non é moi representativa se temos en conta a escasísima taxa de participación nesta enquisa en 2021-2022: (a) dous aspectos asociados á organización da titulación que melloraron a súa valoración foron **“En xeral, considero que a titulación está ben organizada”**, que foi valorado cun 2,89 en 2022-2023 (2,00 en 2021-2022) e **“A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos”**, que acadou tamén un 2,89, mellorando o 2,33 de 2021-2022; (b) melloraron tamén aspectos asociados á información como **“Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada”** (3,32 en 2022-2023 fronte a 2,00 en 2021-2022), (c) aspectos asociados a recursos materiais como **“Os recursos educativos dispoñibles son axeitados”** (3,46 en 2022-2023 fronte a 2,33 en 2021-2022), **“As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados”** (3,24 en 2022-2023 fronte a 2,67 en 2021-2022), (d) aspectos relacionados cos horarios **“Os horarios deste curso son axeitados”** (3,05 en 2022-2023 fronte a 2,67 en 2021-2022). O aspecto **“En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso”** mellorou na súa valoración pasando de 2,33 en 2021-2022 a 3,22 en 2022-2023. Os ítems relacionados coas cuestións administrativas foron tamén ben valorados, especialmente **“Cal é a túa valoración dos trámites de Matriculación”** (4,05 en 2022-2023 fronte a 1,67 en 2021-2022); o ítem **“Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos”** acadou en 2022-2023 un 3,49, sensiblemente superior á valoración do curso 2021-2022 (2,00). Descoñecemos este ano tamén a media da USC nos aspectos valorados nesta enquisa de satisfacción coa titulación polo que non podemos facer una comparativa (2501099_INF.22_2022-2023).

SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Grao en Lingua e Literatura inglesas

No curso 2022-2023 o grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade descendeu con respecto ao curso 2021-2022, pasando de 4,00 a 3,56, e sitúase así a nivel similar da valoración de 2017-2018, que fora 3,57, pero por debaixo das valoracións dos últimos anos (IN15G). É pertinente indicar que os Informes da enquisa de satisfacción coa mobilidade saínte dos últimos anos incluían só información global da USC. Os valores máis altos están principalmente relacionados coa universidade de acollida: as **“Infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de destino”** foron valorados cun 4,29 (4,50 en 2021-2022; 3,96 de media na USC); a valoración das **“Xornadas de acollida na universidade de destino”** foi 3,43, moi similar á valoración de 2021-2022 (3,50) e á valoración media da USC (3,36); a **atención, recepción e acollida** acadou un 4,00, a mesma valoración que en 2021-2022 e moi similar á valoración media da USC (3,98); a **“Formación recibida na universidade de destino”** obtivo unha valoración de 3,93, de novo moi similar á valoración de 2021-2022 (4,00) e á valoración media da USC (3,70); e, a **satisfacción co profesorado da universidade de acollida** foi de 4,14 lixeiramente máis baixa ca en 2021-2022 (4,25), pero superior á media da USC (3,85); **o grao de integración cos compañeiros** en 2022-2023 foi valorado cun 3,71, moi similar á valoración de 2021-2022 (3,75), pero por debaixo da media da USC (4,06). O grao de **“Satisfacción global co programa de mobilidade”** foi o aspecto mellor valorado en 2022-2023, e obtivo un 4,57, superando tanto a valoración de 2021-2022 (4,00) como a valoración media da USC (4,35). Os aspectos peor valorados cun 2,86 foron a **información obtida na web da universidade de acollida** (3,25 en 2021-2022; 3,31 de media na USC) e a **información sobre validacións** (3,00 en 2021-2022; 3,19 de media na USC) seguidos pola valoración da **contribución económica**, que foi 2,93 (3,00 en 2021-2022; 2,82 de media na USC). Con respecto á preparación lingüística, a **preparación lingüística ofrecida pola USC** foi valorada cun 3,57, similar á valoración de 2021-2022 (3,67) e considerablemente superior á media da USC (2,83), e os **cursos de idioma local na universidade de acollida** obtiveron un 3,29, por debaixo da valoración de 2021-2022 (3,67) pero superior á valoración media da USC (3,05). **O Servizo de Relacións Exteriores da USC** foi valorado cun 3,36 en 2022-2023, moi preto da valoración de 2021-2022 (3,50) e da valoración media da USC (3,43), e a **información na web da USC** obtivo un 3,07, de novo preto do 3,25 de 2021-2022 e do 3,11 de media na USC, de xeito que a información da web da USC foi mellor valorada que a información da web na universidade de acollida (2501099_INF.04_2022-2023).

Non contamos con indicador sobre a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade para o caso específico do GLLI, pero o indicador a nivel da Facultade de filoloxía indica un descenso no grao de satisfacción que pasa de 4,63 en 2021-2022 a 3,81 en 2022-2023. Aínda que o descenso é significativo, a valoración segue a ser superior á acadada no último curso anterior á incidencia da COVID-19, 3,63 en 2018-2019 (IN16CG). Pola información que se desprende do informe sobre a enquisa de satisfacción deste grupo de interese a nivel da USC, polo menos 4 dos 39 enquisados eran estudantes entrantes no GLLI, pero aínda así podemos comentar algúns dos resultados desta enquisa que non se refiren a aspectos específicos dunha titulación. O aspecto mellor valorado foi a **experiencia en xeral**, que obtivo un 4,41, seguido moi preto pola valoración da **recomendación da USC como universidade de destino**, que acadou un 4,21, a **calidade da formación recibida**, que obtivo un 4,05, a **calidade de profesorado**, que obtivo un 4,00, e as **posibilidades de validacións**, valoradas con 4,00. Por debaixo do 4, pero preto desta valoración se situaron os valores correspondentes a: a **información previa dispoñible mediante a web da USC** (3,95), a **atención, recepción e acollida na USC** (3,95), **o curso de español organizado polo CLM** (3,93), os **cursos de galego** (3,86) e as **infraestruturas (aulas, laboratorios, talleres...) ofertadas pola USC** (3,82). Máis moderadas, pero aínda así satisfactorias foron as valoracións das xornadas de acollida (3,77), a **información previa sobre o sistema de avaliación** (3,74) e a **información sobre validacións** (3,54). Con respecto ao **Servizo de relacións exteriores o apoio prestado antes da chegada** foi valorado cun 4,03, por encima da valoración obtida polo **apoyo ofrecido durante a estadía**, que foi 3,63. O ítem que obtivo a valoración máis baixa foi a **necesidade de coñecemento da lingua galega** (3,03), seguido polo ítem sobre a **integración cos compañeiros**, que obtivo un discreto 3,10. En xeral, as valoracións do curso 2022-2023 son boas, aínda que inferiores ás valoracións obtidas en 2021-2022, que resultaban pouco significativas tendo en conta a taxa de participación, 4,88%, amplamente superada pola taxa de participación en 2022-2023, 24,07% (5040_INF.05_2022-2023).

Os resultados das dúas enquisas anteriores vense en xeral corroborados nas enquisas semellantes levadas a cabo polo decanato da Facultade de filoloxía. Con respecto á enquisa sobre a mobilidade Erasmus entrante, o estudantado

Grao en Lingua e Literatura inglesas

enquisado amosou un nivel de satisfacción alto con respecto á acollida e apoio recibidos na USC: o **apoiado prestado pola oficina de mobilidade** foi valorado cun 3 pola maioría dos enquisados, o resto valoraron este aspecto con 4 e 5; o **traballo dos coordinadores Erasmus** foi tamén maioritariamente valorado cun 4, seguido da valoración 2 pola que optaron case o mesmo número e enquisados que pola valoración 3; o **apoiado ofrecido pola RAM** foi maioritariamente valorado con 3, seguido de 4. En **xeral o apoiado na USC** foi maioritariamente valorado con 3, seguido de 4, aínda que algún enquisado optou tamén pola valoración 2 e 5. Nunha escala que vai do 1 “pouco amigable e sen apoiado” ao 5 “moi amigables e con apoiado”, a **relación cos seus compañeiros** foi valorada case idénticamente con 2, 3, 4 e 5, aínda que a opción máis votada foi 1, o que corrobora a limitada valoración obtida polo ítem sobre a integración cos compañeiros no informe da enquisa de satisfacción cos programas de mobilidade entrante (3,10). Ningún dos enquisados manifestou **terse sentido so de maneira relevante durante a estadia** dado que nunha escala entre 1, “moito” e 5, “nada”, ningún optou polo 1: a maioría optaron polo 3, e un número máis reducido polo 2, 4 e 5. Con respecto a cuestións académicas, os estudantes entrantes na Facultade de filoloxía manifestaron ter tido máis dificultades para adaptarse ás metodoloxías de ensino que aos sistemas de avaliación, aínda que a diferenza entre ambos non é moi grande: en ambos casos as respostas foron moi variadas dado que todas as opcións foron escollidas por algún estudante, é dicir, nos dous casos houbo estudantes que manifestaron ter tido moito problema de adaptación e estudantes que manifestaron non ter tido problemas. A maioría manifestaron non ter atopado dificultades serias para **atopar información sobre cuestións académicas na web (programas, titorías, etc)**. Polo que respecta aos servizos ofrecidos pola USC, os peor valorados pero aínda así satisfactorios foron a **atención ao estudante de fora** e os **servizos médicos**. En contraste con anos anteriores, ningún enquisado valorou os **servizos de aloxamento** como moi insatisfactorios e de feito a maioría considerou estes servizos satisfactorios tendendo a moi satisfactorios. Tamén en contraste con anos anteriores, os **servizos deportivos**, xunto cos **servizos culturais e de lecer** figuran entre os mellor valorados dado que a maioría dos enquisados consideran estes servizos moi satisfactorios e ningún optou por consideralos insatisfactorios. Unha valoración similar foi a obtida polo **servizo de biblioteca** e polos **servizos informáticos**, dado que a maioría dos enquisados considerou estes servizos satisfactorios tendendo a moi satisfactorios. Como xa ven sendo habitual, o servizo mellor valorado, xusto por encima dos servizos deportivos e culturais e de lecer foi o **servizo de restauración e cafetería**, dado que a maioría dos enquisados o valoraron como moi satisfactorio (GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2022-2023; para a valoración da satisfacción coa docencia v. CRITERIO 4.1; para a valoración da satisfacción cos servizos e materiais v. CRITERIO 5.1).

Con respecto á enquisa sobre a mobilidade Erasmus saínte, o estudantado tamén valora moi positivamente o **apoiado** recibido tanto na USC coma na universidade de acollida. O aspecto mellor valorado foi o **apoiado da RAM da Facultade de Filoloxía**, seguido moi preto polo **apoiado prestado polos coordinadores na USC**. Moi similares aínda que moi lixeiramente po debaixo foron as valoracións do **apoiado na universidade de acollida** e do **apoiado dos coordinadores na universidade de acollida**. A valoración do **apoiado na USC** foi lixeiramente máis baixo, pero aínda así satisfactorio, dado que a maioría dos enquisados optaron por considerar este apoiado como moi satisfactorio. O **graado de integración nas universidades** foi só relativamente positivo dado que a maioría dos enquisados optou por unha valoración media tendendo a baixa. Aínda así, só 6 dos 26 enquisados manifiron **terse sentido sos nalgún momento da estadia** (GLLI_I4_GLLI_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2022-2023).

SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS

O grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas mantívose no máximo grao (5) en 2022-2023 (IN19G). Na enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas en 2022-2023 todos os ítems acadaron a valoración (2501099_INF.06_2020-2021). Seguimos a descoñecer a taxa de participación ou o número de participantes nesta enquisa, a pesar de ter levado a cabo unha acción de mellora (AM-02.02.A, Curso 2022-2023) solicitando a inclusión deste dato no informe.

A satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas descendeu no curso 2022-2023, e pasou de 5 en 2021-2022 a 4,04 en 2022-2023, situándose un valor similar ao do curso 2017-2018 (IN20G). Todas as valoracións superaron o 4 agás tres: **“As competencias profesionais previas do/da alumno/a axústanse ás necesidades da**

Grao en Lingua e Literatura inglesas

miña empresa/institución” e “**Considera que a duración e programación das prácticas foi axeitada**” obtiveron un 3,33 (a valoración media na USC destes aspectos foi considerablemente máis alta: 3,93 e 4,23 respectivamente), mentras que “**A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades da empresa/institución e do/da estudante**” obtivo un 3,67 (tamén por debaixo da valoración media na USC que foi de 4,47). O resto das valoracións foron superiores a 4 e se situaron moi preto das valoracións medias na USC: “**Considera que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral**” obtivo a mellor valoración cun 4,67, moi preto da media na USC que foi 4,71; os aspectos “**A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada**”, “**Mantiven unha coordinación axeitada coa universidade e os responsables académicos do procedemento de prácticas**”, “**O alumno/a mantivo unha actitude proactiva e amosou interese polo desempeño da empresa**” e “**Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra profesional das prácticas externas**” obtiveron un 4,33 (as valoracións medias na USC foron similares: 4,38, 4,35, 4,48 e 4,5 respectivamente); “**O desempeño xeral do/da estudante foi axeitado para a empresa/institución**” foi valorado cun 4,00 (4,34 de media na USC). A porcentaxe de participación nesta enquisa foi 75% xa que 3 dos 4 invitados deron resposta (2501099_INF.07_2022-2023). Este dato fai evidente a necesidade de manter o compromiso de transformar en boas prácticas as Accións de Mellora incluídas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do *Informe de Seguimento* 2012-2013, AM-8 do *Informe de Seguimento* 2013-2014, AM-2 do *Informe de Seguimento* 2014-2015). Ademais confírmase a idoneidade da Acción de mellora solicitando comunicación por parte da ACMP no momento en que se vaia a iniciar o período de enquisas e a información pertinente para poder animar á participación dos distintos grupos de interese nas mesmas (AM-2.3, Agenda 2022-2023).

Non contamos co indicador do grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas pero si contamos co correspondente informe, no que o grao de satisfacción global é 4,81, moi preto da valoración máxima (5,00). Neste informe todos os aspectos foron valorados coa puntuación máxima (5,00) agás tres, que obtiveron unha valoración de 4,50: “**A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/empresa**”, “**As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada**” e “**O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado**”. Resulta significativo que destes tres aspectos, os dous primeiros figuran tamén entre os peor valorados polos titores académicos, pero aínda así a valoración segue a ser excelente (2501099_INF.08_2022-2023). Como no caso do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas, non contamos con información sobre a taxa de participación ou o número de respostas.

SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación en 2022-2023 foi 3,60, lixeiramente superior á valoración media na USC. Non podemos coñecer a evolución deste aspecto porque os informes correspondentes ás enquisas de satisfacción dos egresados dispoñibles para 2020-2021 e 2021-2022 refírense á totalidade dos egresados na USC nos cursos correspondentes, de xeito que pouca información pertinente ao grao se pode extraer deles. En contraste co informe da enquisa de satisfacción da mobilidade entrante, no que se valoraban aspectos comúns ao estudantado de titulacións diversas, no caso do informe de satisfacción dos egresados a maioría dos ítems estaban especificamente vinculados a cada titulación, de xeito que os datos dos informes anteriores non son de grande utilidade para realizar unha comparativa (2501099_INF.09_1ºS_2020-2021; 2501099_INF.09_2ºS_2020-2021). Os aspectos mellor valorados polos egresados, todos con valoracións superiores ou iguais a 4,00 e superiores ás medias na USC, foron: a “**Capacidade de análise**” cun 4,40 (4,67 de media na USC), a “**Capacidade de planificación, coordinación e organización**” cun 4,20 (3,30 de media na USC), a “**Formación teórica**” cun 4,10 (3,80 de media na USC) e o “**Traballo en equipo**” cun 4,00 (3,35 de media na USC). Preto do 4,00 e tamén por encima da media na USC sitúanse as valoracións de: “**En que medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral**” 3,80 (3,56 de media na USC) e “**En que medida dirías que o teu traballo está relacionado coa titulación cursada**” 3,75 (3,62 de media na USC). A valoración da “**Creatividade**” é máis limitada, pero aínda así sitúase por encima da media da USC: 3,30 fronte a 2,56. Só catro aspectos son valorados lixeiramente por debaixo da media da USC: os “**Docentes**” obtiveron una valoración de 3,10, moi similar á media da USC que foi 3,16; “**En que medida dirías que a USC é unha universidade de prestixio**” foi valorado cun 2,90 fronte a 3,04 de media na USC; “**Cal é a túa satisfacción xeral coa USC**” obtivo un 2,80 fronte a

Grao en Lingua e Literatura inglesas

3,07 de media na USC; e a “**Formación práctica**” foi valorada cun 2,50, fronte a 2,65 de media na USC. A taxa de resposta foi de 13,33%, o que quere dicir que 10 dos 75 invitados deron resposta á enquisa (250199_INF.09_2ºS_2022-2023).

SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida volveu ascender case imperceptiblemente no curso 2022-2023 situándose en 4,24 fronte ao 4,22 do curso 2021-2022 (IN47G), de xeito que non resulta moi desequilibrado coa valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,89). De xeito semellante á enquisa sobre satisfacción coa docencia recibida, os aspectos mellor valorados son os que afectan á relación co alumnado: os ítems “**Amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías**” e “**Manteño un trato correcto cos estudantes**” foron os mellor valorados xa que obtiveron un 4,88 e un 4,85 respectivamente en 2022-2023 (4,90 e 4,91 tamén respectivamente en 2021-2022) entre o profesorado, seguidos polo ítem “**Informo axeitadamente ao meu alumnado dos criterios de avaliación da materia**”, que foi valorado cun 4,78 (4,85 en 2021-2022) polo PDI. A valoración da **titorización do tfg** mellorou con respecto ao curso anterior pasando de 3,78 en 2021-2022 a 4,02 en 2022-2023, entrando así no grupo de aspectos valorados por encima do 4,00 e situándose entre os aspectos con valoracións medias neste informe. No Informe de seguimento 2020-2021 indicabamos que “Esta mellora podería estar relacionada co uso do sistema extraordinario de avaliación do tfg propiciado pola incidencia da COVID-19. A posta en práctica deste sistema excepcional serviu ademais para abrir un debate sobre este aspecto entre o PDI da facultade durante o primeiro cuadrimestre do curso 2020-2021 que culminou coa elaboración e aprobación dunha nova normativa de tfg que entrou en vigor no curso 2021-2022”. Aínda que non podemos afirmar con determinación que esta mellora estea vinculada á nova Normativa de tfg, si se pode polo menos afirmar que esta Normativa non parece ter contribuído a aumentar o descontento do PDI co TFG. De novo, o aspecto peor valorado no informe sobre docencia impartida foi o referente á **participación crítica e activa no desenvolvemento das clases**” (3,67 en 2022-2023, 3,91 en 2021-2022). Con respecto ao **nivel co que chega o alumnado**, o informe da enquisa segue a incluír un erro que xa fora constatado no Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022: “Debido a algún tipo de error en los informes correspondientes a los cursos 2018-2029 y 2021-2022 los aspectos sobre **el nivel con el que llega el alumnado**, que había sido valorado con un 3,30 en 2020-2021, con un 3,5 en 2019-2020, un 3,27 en 2017-2018 y un 3,33 en 2016-2017, y “**Pienso que, en general, mi alumnado está satisfecho con mi labor como docente**”, que había sido valorado con un 4,07 en 2019-2020 y con un 3,89 en 2020-2021, aparecen por error unidos y con una sola valoración asignada, de modo que desconocemos los valores para estos dos aspectos en estos dos informes” (p. 125). Este erro foi comunicado á ACMP con data 03/07/2023 (v. Comprobación AM-02, curso 2022-2023, e actualmente parece solucionado. Os seguintes aspectos peor valorados pero xa moi preto do 4 foron: “**A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título**” que obtivo un 3,88 e “**Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases**” que obtivo un 3,79. O resto das valoracións superan o 4,00: “**Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as**” foi valorado cun 4,01, a **satisfacción xeral co labor docente** obtivo un 4,33, o “**Material e servizo de apoio á docencia existentes na universidade**” acadou unha valoración de 4,28, e o ítem “**Organizo e estrutura ben as miñas clases**” acadou un 4,54 (2501099_INF.14_2022-2023). En xeral, estes valores son similares aos acadados nos cursos anteriores e non se observan variacións significativas.

A porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida ascendeu de xeito pouco representativo pasando de 47,06% en 2021-2022 a 47,73% en 2022-2023 (2501099_INF.14_2022-2023).

SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN

A taxa de resposta desta enquisa mellorou no curso 2022-2023, pasando de 15,91% en 2021-2022 a 21,90%, mellorando tamén os resultados rexistrados nos últimos catro anos, pero aínda dista de ser unha taxa razoablemente significativa e non está cerca das taxas rexistradas nos cursos anteriores (46,88% en 2017-2018 e 33,33% en 2018-2019). No *Informe de seguimento 2019-2020* argumentamos que esta relativamente baixa taxa pode estar asociada a certa confusión entre esta enquisa e a enquisa de satisfacción coa docencia impartida no segundo cuadrimestre, que puidera ter levado a

Grao en Lingua e Literatura inglesas

algúns membros do PDI a pensar que xa tiñan respondido a esta enquisa sobre a titulación. Por iso propuxemos unha acción de mellora informativa para que non se volvera a repetir a situación. Como vemos, tal acción de mellora tivo un éxito relativo. A explicación a esta efectividade relativa pode estar asociada a dúas causas intimamente vencelladas á estrutura peculiar das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía: (a) por un lado, a maioría do PDI encargado da docencia das materias do maior do GLLI ten alumnado doutras titulacións que toman estas mesmas materias como parte dos seus módulos complementario e optativo, de xeito que figuran entre o profesorado destas outras titulacións e se lles solicita que cubran esta enquisa por cada unha desas titulacións, algo que resulta farragoso e pouco útil; (b) por este mesmo motivo, boa parte do PDI encargado de materias de maior do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía que o estudantado do GLLI toma como materias dos seus módulos complementario e optativo entran no cómputo de invitados a realizar a enquisa de satisfacción coa titulación do GLLI, e tememos que moitos deles non se sintan lexitimados a opinar nesta enquisa. Ademais, a acción de mellora incluída no *Informe de Seguimento 2019-2020* (AM-1, Curso 2020-2021) obxecto de mellorar a participación nesta enquisa levouse a cabo nada máis entre o PDI encargado das materias do maior do GLLI, de aí o limitado da súa efectividade. No [Autoinforme de seguimento GLLI 2020-2021](#) incluíuse unha acción de mellora (AM-2.2, Curso 2021-2022) que implicaba consultar á ACMP sobre a posibilidade de simplificar o proceso de resposta a esta enquisa evitando que o PDI teña que responder a unha enquisa por cada titulación á que pertencen os seus alumnos. Non se recibiu resposta.

O grao de satisfacción global manifestado por este grupo de interese coa titulación foi alto e moi similar ao do ano anterior: 3,97 en 2022-2023 e 3,93 en 2021-2022. No referente aos recursos educativos, aulas e o seu equipamento os valores foron na maior parte dos casos contundentemente mellores: **“Os recursos educativos dispoñibles son axeitados”** acadou un 4,37, superior ao 4,10 de 2021-2022; **“As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente”** acadou un 4,21, mellorando o 3,90 de 2021-2022; **“O campus virtual facilita a miña labor docente”** acadou un 4,67, mellorando considerablemente o 4,38 de 2021-2022. Con respecto á información dispoñible, o ítem **“Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada”** acadou un 4,27, moi similar ao 4,29 de 2021-2022, e **“Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos”** acadou un 3,90, considerablemente máis baixo que o 4,48 de 2021-2022. Con respecto aos aspectos de organización académica, os valores son moi similares aos do ano anterior: o ítem **“Os horarios existentes son axeitados”** acadou unha valoración de 4,07, moi similar ao 4,00 de 2021-2022; o aspecto **“En xeral, considero que a titulación está ben organizada”** foi valorado cun 4,03, de novo similar ao 4,10 de 2021-2022; **“A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos”** foi valorado cun 3,87, similar ao 3,95 de 2021-2022, e **“A carga de traballo está ben distribuída”** obtivo un 3,80, preto do 3,86 de 2021-2022; o **calendario de probas de avaliación** foi valorado cun 3,97, superior ao 3,71 de 2021-2022. Con respecto á docencia e á coordinación, o ítem **“Valora a calidade docente da túa titulación”** acadou un 4,07, sensiblemente inferior ao 4,33 de 2021-2022, e o ítem **“As/os docentes estamos coordinados na organización do título”** foi valorado cun 3,80, lixeiramente inferior ao 3,9 de 2021-2022. Os aspectos a valorar sobre o alumnado non amosan diferenzas relevantes con respecto ás valoracións de 2021-2022: **“O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas”**, que foi valorado cun 3,67, lixeiramente por debaixo do 3,76 de 2021-2022; **“O alumnado está satisfeito coa titulación”** acadou unha valoración de 3,77, similar ao 3,71 de 2021-2022; **“O alumnado acode con regularidade ás clases”** foi valorado cun 3,33, moi similar ao 3,29 de 2021-2022; e **“O alumnado implícase na titulación”** obtivo unha valoración de 3,43 idéntica á valoración do ano anterior. A **formación dos alumnos en competencias profesionais** foi valorada cun 3,72, practicamente idéntica ao 3,71 de 2021-2022. O ítem **“En xeral, síntome satisfeito coa titulación”** obtén un 4,07, lixeiramente inferior ao 4,24 de 2021-2022 (2501099_INF.23_2022-2023).

SATISFACCIÓN DO PDI COAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O grao de satisfacción do PDI da USC coas actividades formativas foi elevado e non mostrou variacións importantes con respecto ao curso 2021-2022. Aínda que non contamos cun cálculo oficial de valoración media, o aspecto **“Valora a túa satisfacción xeral do curso”** obtivo unha valoración de 4,59. Todos os valores superaron ou igualaron o 4,50. Estes datos positivos son confirmados polo feito de que unha moita alta porcentaxe dos enquisados (94,10%) declara que recomendaría aos compañeiros matricularse no curso. No informe actual xa non aparecen ítems desglosados por curso

Grao en Lingua e Literatura inglesas

como ocorrera en informes pasados, o que dificultaba o cómputo xeral, polo que se entende que a acción de mellora (AM-1.2, Curso 2021-2022) proposta para evitar que se repetira esta situación foi finalmente efectiva (5040_INF.10_2022-2023).

SATISFACCIÓN DO PAS

Os resultados da enquisa de satisfacción do PAS na Facultade de Filoloxía son, en xeral, positivos. A valoración global do traballo foi de 4,09 en 2022-2023 (5040_INF.21_2022-2023) (v. CRITERIO 4.2, p. 30).

SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

O PAS da USC (só contamos co informe global da USC) está en xeral satisfeito coas actividades formativas desenvolvidas e na enquisa do curso 2020-2021 só dous valores non chegaron ao 7 e foron as valoracións das aulas e instalacións (6,87) e da adecuación dos contidos prácticos (6,91). Proba do alto grao de satisfacción é que o 86,9% dos enquisados afirmaron que recomendarían o curso aos compañeiros (5040_INF.11_2020-2021) (v. CRITERIO 4.2, p. 30).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Parte dos datos sobre inserción laboral cos que contamos foron expostos e analizados no CRITERIO 1.1 do presente informe. Os datos analizados levaron a concluir que, aínda que os resultados de inserción laboral non son óptimos, si se observa ao longo dos catro anos seguintes ao curso de egreso unha tendencia lóxica á estabilidade, ao aumento no número de afiliados á Seguridade Social e ao aumento no número de afiliados como titulados. Observouse tamén neste criterio a tendencia á mellora nos datos de inserción laboral entre un curso e o seguinte, de xeito que os datos dos últimos cursos (egresados en 2016-2017, 2015-2016 y 2014-2015) melloraban os datos dos egresados no curso anterior, coa excepción dos datos de afiliación dos egresados en 2016-2017 no seu cuarto ano desde o egreso (2501099_EIL-SIIU_2022-2023).

Os datos extraídos do Informe de satisfacción dos egresados tamén foron expostos e analizados no CRITERIO 1.1 do presente informe. Como se pode observar neste criterio, en xeral os datos referentes a inserción laboral parecen ter evolucionado de xeito positivo: ascendeu a valoración da relación do traballo coa titulación (3,75 en 2022-2023), e a valoración da utilidade da titulación para o mercado laboral (3,80 en 2022-2023). De acordó co informe correspondente a 2022-2023, aumentou a porcentaxe de egresados que simultanean estudos e traballo (30%) e a de egresados que fan estudos de máster (50%) (2501099_INF.9_2ºS_2022-2023).

Os datos de inserción laboral ofrecidos no informe elaborado pola ACSUG (2501099_EIL_ACSUG_2022-2023) están actualizados e recollen datos actualizados no ano 2021 sobre os egresados no curso 2014-2015. Neste informe ofrécese unha comparativa das tres universidades do SIUG, e aínda que os datos poderían ser máis idóneos se temos en conta que a porcentaxe de estudantes egresados do GLLI que están traballando na actualidade (referida á cohorte de egresados de 2014-2015) é a máis baixa na comparativa coas titulacións semellantes ofrecidas nas outras dúas universidades do SIUG, os datos melloraron considerablemente con respecto aos ofrecidos en informes anteriores para a cohorte de egresados en 2013-2014 e se sitúan moi preto dos resultados das outras dúas universidades: a porcentaxe de egresados en 2014-2015 do GLLI que estaban traballando segundo o informe actual foi de 81%, moi por encima do 53,57% rexistrado no informe anterior sobre os egresados en 2013-2014, e similar ao 82% da UVigo e ao 85% da UDC

Grao en Lingua e Literatura inglesas

(58,33% da UVIGO e 81,82% da UDC no informe anterior sobre os egresados en 2013-2014). O resultado da USC está preto da media para artes e humanidades da USC (86%). En contraste co informe anterior, un 87% dos egresados en 2014-2015 (só un 64,29% no informe anterior referente aos egresados en 2013-2014) declara ter buscado emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos, unha porcentaxe superior aos amosados pola UDC (80%) e UVigo (73%). Entre os egresados do GLLI que buscaron este tipo de emprego a media de tempo que tardaron en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación desde que remataron foi de 6,58 meses, moi por debaixo da media no informe anterior (13,87 meses), tamén por debaixo da media de tempo nas outras dúas universidades do SUG (8,15 meses en UVigo e 9,08 en UDC). A porcentaxe de contratos indefinidos é do 49%, moi por encima da porcentaxe no informe anterior (21,43%), aínda que por debaixo desta porcentaxe entre os egresados en UVigo e UDC que foi nos dous casos de 69%. A porcentaxe que realizan funcións de nivel universitario foi de 72% (66,67% no informe anterior), lixeiramente por debaixo da porcentaxe das outras dúas universidades do SUG: 82% no caso da UDC e 78% no caso da UVigo. O salario medio neto mensual é de 1437€, moi por encima dos 990€ do informe anterior con datos de 2017 sobre os egresados en 2013-2014. Con respecto ao lugar de traballo dos egresados do GLLI, estes repártese entre a provincia de A Coruña (20%), Pontevedra (20%), Lugo (12%) e Ourense (12%), mentres que o restante 36% repártese por entre outros lugares de España fora de Galicia (32%) e a UE (4%). A pesar de que estes datos poderían ser mellores o 87% dos egresados do GLLI declara que volvería a cursar estudos universitarios, un 70% volvería a facer o GLLI e un 100% volvería a facelo na USC (2501099_EIL_ACSUG_2022-2023)".

Grao en Lingua e Literatura inglesas

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Grao en Lingua e Literatura inglesas

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E 1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E 2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
			GLLI_E2_Informe Final de Seguimento_ Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas _ USC _(Seguimento 2020-2021)_ 2021-2022
			GLLI_E2_Informe_MNS_2024_G_LLInglesas_USC_pdf
			GLLI_E2_Informe-de-alegacions-e-plan-de-melloras (2017)_ 2022-2023
			GLLI_E2_Plan de melloras resultante Informe provisional evaluación para la renovación de la acreditación GLLI_ 2022-2023
		GLLI_E2_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria_ 2017-2018	
1	E 3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
			GLLI_E3_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_ 2022-2023).
			GLLI_E3_PLAN DE CAPTACIÓN FILOLOXÍA_ 2022-2023
1,6	E 4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
			GLLI_E4_Protocolo de coordinación Graos_ 2022-2023
1,3	E 5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de	GLLI_E5_ACTAS CCC_ 2022-2023
			GLLI_E5_ACTAS PRÁCTICAS EXTERNAS E MOBILIDADE_ 2022-2023
			GLLI_E5_ACTAS COMISIÓN TFG_ 2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	GLLI_E5_Actas Consello Consultivo_2022-2023
			GLLI_E5_ACTAS CA DO GLLI_2022-2023
1	E 6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	GLLI_E6_Recoñecemento créditos_2022-2023
1,6	E 8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501099_P.Ind_2022-2023
			2501099_INF.16_2022-2023
			2501099_INF.CiUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por	2501099_I2_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		titulación de procedencia	
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501099_P.Ind_2022-2023
			5040_INF.03_2022-2023
2	E9	Páxina web da universidade/ centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	URL da USC
			URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que	URL do Centro

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E 1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E 1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de	2501099_P.Ind_2022-2023
			2501099_INF.04_2022-2023
			5040_INF.05_2022-2023
			2501099_INF.06_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		interese do título	2501099_INF.07_2022-2023
			2501099_INF.08_2022-2023
			2501099_INF.09_2022-2023
			5040_INF.10_2022-2023
			5040_INF.11_2022-2023
			2501099_INF.13_2022-2023
			2501099_INF.14_2022-2023
			5040_INF.21_2022-2023
			2501099_INF.22_2022-2023
			2501099_INF.23_2022-2023
			2501099_Informe_de_indicadores_2022-2023
			GLLI_I4_Enquisa ERASMUS ENTRANTE_2022-2023
			GLLI_I4_Enquisa ERASMUS SAÍNTE_2022-2023
			GLLI_I4_Informe Satisfacción TFG_2022-2023
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501099_P.Ind_2022-2023
			2501099_Informe_de_indicadores_2022-2023
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	GLLI_E15_Persoal docente e investigador en formación_2022-2023
			2501099_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto)	5040_E16_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		desempeñado)	
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501099_INF.13_2022-2023
			2501099_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que	5040_I10_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E 1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E 1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E 2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	GLLI_E20_Oferta_prazas_Empresas-Entidades_2022-2023
5	I1 1	Distribución alumnado por centros de prácticas	GLLI_I11_PRÁCTICAS EXTERNAS Inglés_2022-2023
5	E 2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E 2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos	GLLI_E24_TFG_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		académicos (título, titor y calificación)	
6	E 2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501099_INF.15_2022-2023
6	E 2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E 3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I1 2	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient	2501099_P.Ind_2022-2023
			2501099_INF.17_2022-2023
			2501099_INF.18_2022-2023
			2501099_INF.19_2022-2023
			2501099_INF_SIIU_2022-2023
			2501099_Informe_de_indicadores_2022-2023

Grao en Lingua e Literatura inglesas

		- Taxa de éxito - Taxa de avaliación	
7	I1 3	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501099_P.Ind_2022-2023
			2501099_INF.CiUG_2022-2023
			2501099_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I1 4	Resultados de inserción laboral	2501099_EIL-SIIU_2022-2023 2501099_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I1 5	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2501099_P.Ind_2022-2023 2501099_Informe_de_indicadores_2022-2023 2501099_MedUSC_cursocelda GLLI_I15_PAA_2022-2023 GLLI_I15_Proposta PDA_2022-2023

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**